



Competición

Vigo en Xogo

2019 / 2020

**COMPETICIÓN DEPORTIVAS E RECREATIVAS
NON FEDERADAS**

BALONCESTO

FÚTBOL SALA

FÚTBOL 7

FÚTBOL 11

ÍNDICE

- 1 NORMAS XERAIS**
 - 1.1 Introducción
 - 1.2 Regulamentación
 - 1.3 Condicións de participación
 - 1.4 Preinscrición e inscrición
 - 1.5 Idades permitidas
 - 1.6 Notificacións, taboleiro de anuncios e paxina web
- 2 NORMAS TÉCNICAS ESPECÍFICAS**
 - 2.1 Responsable do equipo e delegados
 - 2.2 Funcións e obrigas dos responsables dos equipos e dos delegados no partido
 - 2.3 Xogadores
 - 2.4 Xogadores federados, Esten ou non en activo
 - 2.5 Adornos, lentes e aparellos
 - 2.6 Vestimenta
 - 2.7 Puntualidade
 - 2.8 Campos de Fútbol e pavillóns
 - 2.9 Balóns
 - 2.10 Bancos
 - 2.11 Actas
 - 2.12 Licenzas
 - 2.13 Revisión das Licenzas
 - 2.14 Cambio de nome do equipo
- 3 REGULAMENTACIÓN DOS DEPORTES**
- 4 DESENVOLVEMENTO DA COMPETICIÓN**
- 5 PETICIÓN DE DATAS, HORARIOS OU APRAZAMENTOS**
- 6 PARTIDOS**
- 7 DURACIÓN DOS PARTIDOS**
- 8 SISTEMA DA COMPETICIÓN**
- 9 ASCENSOS E DESCENSOS**
- 10 GALARDONS**
- 11 CAMPIONATO DE ESPAÑA, FÚTBOL 7**
- 12 SANCIÓNS POR ALIÑACIÓN DE XOGADORES FEDERADOS**
- 13 SANCIÓNS POR ALIÑACIÓN OU CONSTAR NA ACTA, DOS SANCIONADOS**
- 14 SANCIÓNS POR TARXETAS**
- 15 SANCIÓNS POR ACUMULACIÓN DE TARXETAS**
- 16 EXPULSIONS POR ACUMULACIÓN DE TARXETAS**
- 17 EXPULSIÓNS DO EQUIPO**
- 18 NORMAS XERAIS DAS FALTAS**
 - 18.1 Características xerais
 - 18.2 Especificación das faltas
 - 18.3 Tipos de sancións
- 19 SANCIÓNS XERAIS**
- 20 SANCIÓNS AO RESPONSABLE E AO DELEGADO NO PARTIDO**
- 21 SUSPENSIÓNS E AS SUAS SANCIÓNS**
- 22 NON PRESENTACIÓN**
- 23 SANCIÓNS POR NON PRESENTACIÓN**
- 24 REGULAMENTO XERAL DAS SANCIÓNS**
- 25 ACLARACIÓNS E RECLAMACIÓNS ANTE O COMITÉ DE COMPETICIÓN**
- 26 RECURSOS**
- 27 PERMUTA DAS SANCIÓNS**
- 28 SANCIÓNS ECONOMICAS**
- 29 PAGAMENTO DAS SANCIÓNS**
- 30 PAGAMENTO DAS DEBEDAS PENDENTES**
- 31 FIANZAS**
- 32 BAIXAS DE EQUIPOS POR RETIRADAS OU EXPULSIÓNS**
- 33 COMITÉ DE COMPETICIÓN**
- 34 COMITÉ DE APELACIÓN**
- 35 ÁRBITROS**
- 36 OBRIGAS DOS ÁRBITROS**
- 37 REGULAMENTACIÓNS DAS ACTAS**
- 38 ANEXOS A ACTA**
- 39 INCOMPARECENCIA ARBITRAL**
- 40 PROCEDEMENTO A SEGUIR POLO ÁRBITRO EN CASO DE LESIÓNS**
- 41 SEGURO DOS ACCIDENTES DEPORTIVOS**
 - 41.1 Protocolo de actuacións en caso de lesión
 - 41.2 Cobertura e riscos cubertos
 - 41.3. Riscos excluídos
- 42 ASEGURADOS**
- 43 USO INDEBIDO DA ASISTENCIA SANITARIA E DA AMBULANCIA**
- 44 POLIZA DE RESPONSABILIDADE CIVIL**
- 45 DISPOSICIÓN DERRADEIRA**

A V I S O

M O I I M P O R T A N T E

Esta é unha competición recreativa e creouse para que o pasedes ben xogando. A Organización pídevos que non fagades entradas duras, xa que por dita causa un xogador pode quedar incapacitado de por vida ou perder mobilidade, e por causa da súa baixa, perder tamén o seu posto de traballo.

1 NORMAS XERAIS

1.1 INTRODUCCIÓN

Esta competición **DEPORTIVA RECREATIVA NON FEDERADA** para o fomento e a práctica do deporte nace dunha idea do **Concello Vigo** e da **Agrupación Deportiva Vigo** no ano 1992, coñecéndose hoxe en día como “**Vigo en Xogo**”.

Dende o ano 2006 a **Agrupación Deportiva Vigo** é membro/socio da **Asociación Nacional de Fútbol 7 non federado**. www.anFÚTBOL7.es

1.2 REGULAMENTACIÓN

a) A regulamentación que rexe esta competición é a presente normativa. A Organización, o Comité de Competición e o Comité de Apelación velarán polo seu cumprimento, podendo actuar de oficio en toda momento e lugar para esclarecer ou sancionar calquera feito producido no transcurso da competición e sen suxeición de prazo.

b) A inscrición nesta competición conleva a aceptación polos participantes das Normas Xerais e disposicións recollidas no presente Regulamento, así como daquelas outras que a Organización poida aprobar ao longo da tempada (**artigo 45**).

c) O regulamento técnico aplicado a cada deporte é o marcado pola federación deportiva correspondente; enténdéndose por regulamento técnico aquel que especifica e regula as causas propias do xogo, coa salvidade das normas específicas que se indican na presente normativa e do regulamento de xogo desta competición (**artigos 3, 6 e 7**), os cales prevalecerán sobre o regulamento de calquera federación,.

d) A potestade disciplinaria da **Agrupación Deportiva Vigo** exercida pola Organización, polo Comité de Competición e polo Comité de Apelación esténdese sobre: todas as persoas que esten dentro da súa estrutura orgánica, os clubs deportivos, os equipos e os seus delegados, os xogadores, os xuíces árbitros, os oficiais de mesa, e en xeral, a todas aquelas persoas que esten vinculadas de forma directa ou indirecta en todas as actividades organizadas pola **Agrupación Deportiva Vigo**.

d) Cando un **xogador** deixe alguna debeda pendente con o Seguro Medico Deportivo ou con o Hospital concertado polo seguro, unha vez avisado polo responsable do seu equipo, ou pola Organización a terá que aboar nun prazo máximo de só **15 días**, no caso de non a pagar, no dito prazo, será expulsado da competición polo (**artigo 19.6**), e para volver participar na/s seguinte/s tempada/s a tera que pagar.

1.3 CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN

a) Nesta competición recreativa poderán participar todas as asociacións, clubs, entidades e persoas que o desexen de forma colectiva, sempre que se inscriban nos prazos establecidos e o permitan as posibilidades da Organización.

b) Para adquirir a condición de participante deberán cumprirse todos os requisitos esixidos pola Organización.

c) Cando un **equipo retirase** ou fose **expulsado** da competición nalguna das anteriores tempadas ou nesta, e deixe algunha debeda pendente, cada un dos integrantes do mesmo para volver participar despois de cumprir a súa sanción, terá que aboar a parte proporcional que lle corresponde, (**artigo 19.5**).

d) Cando un **xogador** deixe alguna debeda pendente con o Seguro Medico Deportivo ou con o Hospital concertado polo seguro, unha vez avisado pola Organización ou polo responsable do seu equipo, a terá que aboar nun prazo máximo de só **15 días**, no caso de non a pagar, aplicarase o (**artigo 19.6**), e para volver a participar na/s seguinte/s tempada/s teraa que pagar.

1.4 PREINSCRICIÓN E INSCRICIÓN

a) A preinscrición e a inscrición terá que facelas a persoa responsable do equipo. Todos os equipos terán que facer a preinscrición e presentar a súa documentación nos prazos e formas establecidos pola Organización.

b) Despois de facer a preinscrición da reserva de praza, se o equipo causa baixa por calquera causa antes do comezo da competición, non terá dereito á devolución da fianza.

c) No caso de falseamento nos datos da preinscrición, da inscrición, das Licenzas ou de calquera outro documento relacionado coa competición, serán responsables da súa veracidade tanto a persoa responsable do equipo como o/s xogador/es que consten en dita documentación.

d) A inscrición nesta competición outórgalle aos participantes os seguintes dereitos e deberes: pagamento dos gastos xerais da Organización, colaboradores, arbitrxes e alugueiro dalgunhas instalacións, información periódica sobre o desenvolvemento da competición, cobertura de atención Médica Sanitaria polas lesións que poidan sufrir os xogadores, durante os partidos (segundo as condicións específicas da póliza do seguro medico deportivo de accidentes). e Poliza de Responsabilidade Civil.

1.5 IDADES PERMITIDAS

a) Cando se inscriban, os participantes terán que ser maiores de idade. Excepcionalmente permitirase a incorporación no equipo, dun máximo de dous xogadores menores de idade (mínimo 16 anos).

Neste caso o **pai/nai ou titor legal** terá que cubrir unha autorización no impreso oficial que lle facilitará a Agrupación, ao entregala terá que vir acompañada cunha **fotocopia compulsada** do seu DNI. O impreso terá que ser asinado tamén pola persoa **responsable do equipo**.

b) Nas **Divisións de Honra** a idade mínima e de 35 anos (**nacidos no ano 1984**)

Agas para os xogadores que xa estan nos equipos da tempada anterior e que sigan nos mesmos

1.6 NOTIFICACIÓNS, TABOLEIRO DE ANUNCIOS E PÁXINA WEB

a) Todas as semanas nos taboleiros de anuncios da Organización, sitios no **Instituto Municipal dos Deportes (IMD)**, así como na páxina Web, **www.vide.es** dá Fundación Vigo en Deporte (**VIDE**), poderán consultarse as programacións da xornada, sendo estas as unicas validas, as resolucións dos comites de Competición e Apelación e os avisos ou normas concretas.

b) Na páxina Web, estarán ademais as Normas Xerais e Regulamento da tempada, os regulamentos oficiais dos deportes, calendarios, clasificacións, relación de colaboradores e as fotos dos actos das clausuras da competición.

c) **A Organización non avisará aos equipos que teñan xogadores sancionados por acumulación de tarxetas.** Só se avisará por vía telefónica aos participantes que sexan sancionados pola Organización ou polo Comité de Apelación.

2 NORMAS TÉCNICAS ESPECÍFICAS

2.1 RESPONSABLE DO EQUIPO E DELEGADOS

a) Cada equipo só poderá ter un **responsable** do mesmo e un máximo de **tres delegados** os cales non poden xogar. No caso de que un equipo non teña delegado, ou non se presente ao partido, calquer xogador podera exercer dita función. Agas os equipos de **fútbol 11**, que poderan ter dous delegados no partido, pero só un deles actuara como delegado do equipo.

b) Unha vez cuberta a folla de inscrición co nome do responsable, o equipo que desexe cambialo terá que notificalo por escrito á Organización. Dito escrito terá que ser asinado polo anterior responsable do equipo, achegándose tamén fotocopia do seu carné de identidade. No caso de non ser así, o escrito terá que ser asinado polo 90 % dos compoñentes do equipo.

c) O **responsable do equipo** é a única persoa que legalmente representa ao equipo ante a Organización, cos dereitos e obrigas que tal representación lle outorga. No caso de que o responsable do equipo cause baixa por calquera causa, o equipo terá que nomear outro responsable no prazo máximo de **sete días**.

d) O **responsable do equipo** ou o **delegado no partido** serán as únicas persoas autorizadas para dirixirse á Organización, ao Comité de Competición ou ao Comité de Apelación, para presentarlles suxestións, aclaracións ou reclamacións e para interpor recursos na defensa dos intereses do seu equipo.

2.2 FUNCIÓNS E OBRIGAS DOS RESPONSABLES DOS EQUIPOS, E DOS DELEGADOS NO PARTIDO

a) O **responsable do equipo** terá que tramitar a inscrición e dilixenciar as Licenzas ante a Organización, velando pola veracidade dos datos contidos nelas e porque estas se axusten ás normas e ao regulamento da competición.

b) Pola súa especial responsabilidade, os **responsables dos equipos** e os **delegados** deberán dar exemplo ante os seus xogadores e acompañantes e serán os responsables de todos eles. Ademáis terán que velar porque todos cumpran as normas establecidas respecto ás instalacións e aos comportamentos antideportivos, co fin de que impere a boa orde.

c) Desenvolverán esta labor antes, durante e despois do partido, tanto no campo de xogo como fóra del, para elo colaborarán co árbitro, co oficial da mesa, cos responsables das instalacións e cos membros da Organización ou dos Comités cando estes llo requiran.

d) Os que son só delegados non poderán xogar, e só poderán ter licenza para unha modalidade deportiva.

e) Un delegado pode cambiar de equipo e de modalidade deportiva unicamente se non consta en ningunha acta. Neste caso o **responsable** do equipo terá que asinar unha autorización, e presentala ante a Organización para que o delegado sexa desvinculado do anterior equipo

f) Calquera xogador do equipo poderá exercer as funcións de **delegado no partido**, tendo que poñelo en coñecemento do árbitro para que o reflecta na acta. No caso de ser **expulsado** ou ter que abandonar a instalación deportiva por calquera causa, o seu equipo terá que nomear a outro.

g) Entre **15 / 10 minutos** antes do comezo do partido o delegado terá que presentarlle ao árbitro, só unicamente as **Licenzas dos xogadores** que esten presentes na instalación deportiva, identificándoos co seu número de dorsal. Agas os equipos de **fútbol 11**, que as terán que presentar **15 minutos** antes.

No caso de entregar as Licenzas mais tarde do tempo establecido o delegado do equipo no partido, será sancionado polo (artigo 20.5).

h) Unha vez cuberta a acta cos datos das Licenzas terá que asinala, certificando coa súa sinatura que os xogadores están presentes na instalación. No caso de que o delegado chegue tarde (**minutos de cortesía**), terá que asinar a acta no descanso ou áo finalizar o partido.

i) O **delegado** no partido de cada equipo, terá que presentarlle ao árbitro antes do comezo do mesmo un **balón oficial** en boas condicións e que reúna as características aprobadas pola Organización. Agas no **fútbol 11** que terán que presentarlle **dous**.

j) O delegado no partido comunicará ao árbitro calquera lesión dalgún dos seus xogadores para que este o reflecta na acta; e unicamente en caso de **urxencia vital** ou **extrema urxencia**, será o responsable de chamar a ambulancia concertada polo Seguro Medico Deportivo.

O **responsable** do equipo e o **delegado** no partido velarán por:

1) Que os xogadores do seu equipo se estan na grada e os acompañantes dos xogadores garden o debido respecto, a actuación do árbitro, así como a todos os xogadores do partido.

2) Que os xogadores do seu equipo e os acompañantes dos xogadores cumpran as normas establecidas respecto ao uso e conservación das instalacións deportivas.

3) Que nos campos de fútbol, pavillóns, bancos e vestiarios os seus xogadores ou os acompañantes dos xogadores **non fumen**, consuman **bebidas alcohólicas**, coman **pipas** ou outros produtos secos que teñan casca.

4) Que os xogadores do seu equipo xoguen debidamente uniformados e non porten **xoias** ou **adornos** non permitidos. En **fútbol sala**, **fútbol 7** e **fútbol 11**, asegurárase tamén de que os seus xogadores saian a xogar coa **proteccións das canelas**.

5) Que os xogadores que non esten a xogar, esten sentados no banco e tamén que esten debidamente uniformados.

6) Que non esten no banco ou arredor do mesmo ningún integrante do equipo que non conste na acta, que fora expulsado do partido, que este cumprindo unha sanción ou que se atope de baixa polo seguro medico deportivo, así como calquera outra persoa que non pertenza ao equipo.

7) Que nos campos de **fútbol** ou nos **pavillóns** mentres se este xogando, os seus xogadores non quezan con balón polas bandas. No caso de ser **fútbol 7**, tampouco no medio dos dous campos.

8) Que, tampouco esten os acompañantes dos xogadores, nin os nenos, no terreo de xogo, mentras se este a xogar.

9) O **responsable** e o **delegado no partido** poderán ser sancionados polo incumprimento das súas obrigas dende, **amoestación** ata **expulsión** por **catro** tempadas (**artigo 20**).

2.3 XOGADORES

a) Nas modalidades deportivas de: **Baloncesto, Fútbol Sala e Fútbol 7**, cada equipo poderá ter un máximo de **16** xogadores por tempada. Agas no **Fútbol 11**, que tera un máximo de **25**.

b) Os xogadores só poderán inscribirse en dous deportes diferentes, sendo estes: **baloncesto e fútbol sala, baloncesto e fútbol 7**. Agas no **fútbol 11**, que poderan participar noutra modalidade, pero só cun máximo de **oito** xogadores por equipo.

c) **Aquel xogador que se inscriba en dous deportes, deberá ter licenza e seguro médico deportivo para cada un deles.**

d) Todos os xogadores de **fútbol sala, fútbol 7 e fútbol 11**, terán que usar obrigatoriamente **protectores das canelas**, os cales deberán estar totalmente cubertos polas medias e ser dun material apropiado (goma, plástico, poliuretano ou outro material similar). Non son validas as proteccións de cartón.

e) Está **terminantemente prohibido** o uso de **tacos metálicos**, e tamen de **multitacos**, no fútbol sala e baloncesto.

f) Non se poderá cambiar de equipo unha vez comezada a competición, nin tampouco o cambio para outra modalidade deportiva na mesma tempada, se non se cumpre o establecido no seguinte apartado

g) Permítese o cambio de equipo e de modalidade deportiva unicamente se o xogador non xogara ningún partido. Neste caso o **responsable** do equipo terá que asinar unha autorización e presentala ante a Organización para que o xogador sexa desvinculado do anterior equipo.

2.4 XOGADORES FEDERADOS, QUE ESTEN OU NON EN ACTIVO

a) Un xogador federado en **baloncesto ou voleibol** non poderá participar na modalidade de **baloncesto**.

b) Un xogador federado en **balonmán, fútbol sala, fútbol 7 ou fútbol 11** non poderá participar nas modalidades de **fútbol sala** ou de **fútbol 7**.

NOTA: O (apartado b), non será aplicable aos equipos que xogaron na liga da Agrupación de Veteráanos de Vigo e a súa bisbarra, e que nesta tempada van a xogar na liga de Veteráanos da Federación Galega de Fútbol.

2.5 ADORNOS, LENTES E APARELLOS

a) Os xogadores non deberán utilizar no seu equipamento ningún obxecto que poida ser perigoso para el ou para outro xogador (adornos de calquer clase, xoias, cremalleiras, pendentes, dilatacións, etc, etc...

Os aneis, os pendentes, o coiro ou as gomas non son necesarios para xogar e o único que poden é causar unha lesión.

b) Non está permitido xogar con xoias, nin sequera cubríndoas, por exemplo, cun esparadrapo. Toda xoia é potencialmente perigosa; tapar as xoias e os adornos non constitúe unha protección axeitada.

c) Só se permitirá levar pulseiras que non sexan metálicas ou de coiro duro e que non leven ningún aparello metálico. As pulseiras terán que estar totalmente cubertas (muñiqueira, esparadrapo, venda elástica...), durante todo o partido)

d) O termo "**perigoso**" pode a veces ser ambiguo ou polémico. Polo tanto, para actuar dunha forma uniforme e consistente, calquera tipo de xoia ou adorno, agás o establecido no **apartado c**), estará totalmente **prohibido** para **xogadores e árbitros**.

e) **O xuíz árbitro** non deixará participar ao xogador/a, que non cumpra estas normas.

d), O xogador que teña que xogar con lentes ou calquera aparello dental **baixo a súa enteira responsabilidade**, tendo que avisar ao árbitro para que reflecta na acta do partido o seu nome, apelidos e número de licenza. **O xogador terá que asinar na acta.**

O árbitro poderá levar os aparellos necesarios para exercer a súa labor.

2.6 VESTIMENTA

a) Os equipos usarán a vestimenta deportiva descrita na folla de inscrición.

No caso de presentarse a xogar sen a uniformidade, o/s xogador/es será/n sancionado/s, polo (artigo 19.30) eo o delegado, polo (artigo 20.13).

b) Os equipos de fútbol 11, terán que ter obrigatoriamente dúas equipacións diferentes.

Os xogadores que esten no banco ou que esten a quentar, terán que ter posto un peto que os distinga dos xogadores que están xogando.

c) Será obrigatorio saír ao terreo de xogo debidamente uniformados, usando todos os xogadores pantalóns e camisetas iguais e da mesma cor. Nas costas dos porteiros e dos xogadores figurará un número distinto para cada un deles, perfectamente visible e adherido de tal xeito que non poida modificarse no transcurso do partido.

d) As vestimentas non poderán conter partes perigosas coma por exemplo, cremalleiras, botóns, etc.

e) Cando a cor das camisetas dos equipos sexan iguais, terá que cambialas obrigatoriamente o equipo visitante. No caso de non dispoñer de outra equipación, terán que porse un peto por enriba.

f) Os porteiros deberán empregar vestimentas con cores que os distinguan dos xogadores e do árbitro. No caso de coincidir os cores das vestimentas dos porteiros, o porteiro do equipo visitante, no caso de non ter outra, terá que poñer enriba da que ten, un peto, ou outra prenda para distinguilo.

EXEMPLO: Un porteiro non podera xogar con unha equipacion azul mariño, cando o seu equipo ou, o outro, xogan con unhas uniformidades azul escuro ou negro.

g) Os xogadores non poderán mostrar camisetas interiores con publicidade. O equipamento básico obrigatorio non deberá ter mensaxes políticos, relixiosos ou persoais.

h) De usar roupa interior debaixo da camiseta, terá que ser da mesma cor que a camiseta. De usarse pantalóns térmicos, tamén terán que ser da mesma cor que o pantalón.

i) A vestimenta non adecuada será sancionada segundo o (artigo 28).

2.7 PUNTUALIDADE

Co fin de comezar os partidos no horario establecido pola Organización os equipos teñen a obriga de presentarse coa debida antelación:

a) No **baloncesto, fútbol sala e fútbol 7**, teñen que entregarlle as Licenzas ao xuíz árbitro. (**15 a 10 minutos**) antes do comezo do partido. Agas no **fútbol 11** que só son (**15 minutos**).

No caso de non entregar as Licenzas no dito prazo o delegado no partido será sancionado polo (artigo 20.5).

b) No **baloncesto, fútbol sala e fútbol 7**, no caso de chegar tarde (**5 minutos de cortesía**) terán que entregar as Licenzas, durante o descanso ou a finalización do partido. Permitirase **unha** única vez, sen que conleve sanción. No caso de facelo unha segunda vez, o responsable do equipo e o equipo e o seran sancionados polo (artigo 20.6).

c) No **fútbol 11**, no caso de chegar tarde (**15 minutos de cortesía**) o responsable e o equipo serán sancionados segundo o (artigo 20.7).

d) En todos os deportes, os equipos reiterativos que cheguen tarde, (**minutos de cortesía**), serán sancionados polo (artigo 20.8).

Establécense unicamente os minutos de cortesía reflectidos nos apartados anteriores. Unha vez pasado dito tempo o árbitro pechara a acta e reflectirá nela o/s equipo/s que non este/n presentes.

2.8 CAMPOS DE FÚTBOL E PAVILLÓNS

a) Está terminantemente **prohibido, fumar**, consumir **bebidas alcohólicas**, comer **pipas** ou outros produtos secos que teñan casca nos campos de fútbol, pavillóns, bancos e vestiarios.

b) O/s delegado/s no partido e todos os compoñentes do/s equipo/s será/n o/s responsable/s dos seus acompañantes, os cales tamén estarán suxeitos a cumprir estas normas.

c) Se os acompañantes do/s equipo/s, unha vez avisados polo/s delegado/s, seguen sen cumprir estas normas, o **árbitro suspenderá o partido**. E o/s delegado/s será/n sancionado/s polo (artigo 20.1)

d) Os participantes e os seus acompañantes estarán obrigados a cumprir as normas de uso e conservación das instalacións deportivas, sendo responsables dos danos derivados de calquera tipo de conduta violenta ou antideportiva causados nelas, ou nas persoas, bens ou propiedades dos outros participantes, dos membros da Organización, do persoal das instalacións ou dos xuíces árbitros.

e) No caso de producirse algún acto vandálico que cause algún deterioro nas instalacións e non se poida determinar quen foi o culpable, faranse responsables a todos os equipos que xogasen ata o momento de ter coñecemento de ditos danos. Estes equipos terán que facerse cargo de todos os gastos necesarios para reparar os danos causados.

f) **No caso de que algún equipo non queira aboar a parte que lle corresponda dos gastos orixinados, será expulsado dende unha a dúas tempadas.** Cara a/s próxima/s tempada/s se o equipo quere volver participar, terá que cumprir o establecido no **(artigo 1, apartado c).**

g) Nos terreos de xogo está terminantemente **prohibido** que esten os **acompañantes** mentres se este disputando un partido.

h) Nos campos de **fútbol** mentres se este xogando, non se pode quecer con balón polas bandas. E no caso de estarse a xogar a **fútbol 7**, tampouco podese facer no medio dos dous campos. Tampouco se poderá facer nos pavillóns mentres se este disputando un partido.

i) **Dende a finalización do último partido, as duchas só poden estar abertas un máximo de 15 / 20 minutos.**

j) Nin a Organización, a compañía aseguradora dos accidentes deportivos, a compañía aseguradora da Responsabilidade Civil, nin os responsables das instalacións deportivas, se farán cargo de ningún dano que poidan sufrir os acompañantes dos xogadores, ou os seus nenos, por estar nos bancos ou no terreo de xogo.

k) Os responsables das instalacións e a Organización tampouco se farán cargo dos furtos que poidan ter lugar nos pavillóns, campos de fútbol, vestiarios, bancos ou terreos de xogo.

Calquera incumprimento do disposto neste (artigo 2), deberá ser reflectido polo árbitro na acta do partido ou nun anexo para os efectos disciplinarios previstos neste regulamento.

2.9 BALÓNS

Antes do comezo do partido, cada equipo terá a **obriga** de presentar ao árbitro **un balón** regulamentario oficial en boas condicións e que reúna as características aprobadas pola Organización.

Agas na modalidade deportiva de **fútbol 11**, os cales terán que presentarlle **dous** cada equipo.

Os balóns cos que non se xoga, terá/n que estar a disposición do árbitro, durante todo o partido.No caso de non o estar, non presentar balón/s ou que este/s no/n sexa/n valido/s, o equipo será sancionado segundo o **(artigo 28).**

2.10 BANCOS

a) Durante o desenvolvemento do partido unicamente poderán estar nos bancos os participantes que consten na acta.

b) Os xogadores que esten no banco terán que estar debidamente uniformados, agas cando un xogador vai facer de delegado do partido.

c) **Os xogadores do fútbol 11, terán que ter un peto, que sexa diferente a equipación dos equipos e do árbitro.**

d) Non poderán estar no banco os acompañantes, os **sancionados** nin os xogadores que esten de **baixa** polo seguro medico deportivo.

e) Os participantes expulsados do partido con dúas tarxetas amarelas, tarxeta azul, vermella ou técnica desqualificante ou antideportivas non poderán permanecer no banco nin nos arredores.

f) Nos bancos, os xogadores que non xoguen e os delegados, terán que **permanecer sentados.**

2.11 ACTAS

a) O máximo de xogadores que poden constar na acta e xogar é de **16 por equipo**. Agas os equipos de **fútbol 11** os cales son **25**.

b) Se o **delegado** no partido lle entrega ao árbitro a licenza ou outro documento de identificación de algun integrante do equipo que non este presente na instalación deportiva, esté **sancionado** ou de **baixa polo seguro medico deportivo** e o árbitro o reflicte na acta, aplicaráselle un dos seguintes (**artigos: 20.10, 13 ou 17.3**, segundo o caso).

NOTA: Cando nas actas non apareza o número da licenza e as siglas do/s delegado/s ou dun xogador, é que está/n sancionado/s ou está/n de baixa polo seguro medico deportivo.

2.12 LICENZAS

a) As Licenzas deberán cubrirse en todos os seus apartados: nome, apelidos, número de DNI incluíndo a letra e o número do dorsal.

b) Terán validez por unha tempada e poderán ser renovadas nas seguintes.

c) O **primeiro prazo**, para presentar novas Licenzas rematará, o **mércres anterior á 4ª xornada** da competición.

d) O **segundo prazo**, para presentar novas Licenzas comezará, o **luns posterior á 15ª xornada** e rematará, o **mércres anterior á 18ª xornada**.

Os días da semana para presentar novas Licenzas, só serán de luns a mércores.

e) Permitírase a non presentación da/s licenza/s sen que conleve sanción, **unha soa vez**. De darse este caso quen faga de delegado no partido, lle terá que presentar oa árbitro o DNI, pasaporte ou carné de conducir orixinal do/s delegado/s, ou do/s xogador/es.

2.13 REVISIÓN DAS LICENZAS

a) Os xuíces árbitros ou os membros da Organización, do Comité de Competición e do Comité de Apelación poderán revisar as Licenzas antes do partido, no descanso ou despois do remate do partido.

b) A negativa por parte dalgún equipo a someterse a dita revisión, ou a ausencia dalgún dos xogadores, ou delegados no momento de levala a cabo, será reflectida na acta do partido, ou nun anexo/informe, e considerárase **aliñación indebida (artigo 17.9)**.

c) Durante a revisión das Licenzas, no caso de dúbidas sobre a identificación dalgún participante, este terá que presentar o seu DNI, pasaporte ou carné de conducir orixinal con foto, para a súa identificación. No caso de non presentar ningunha documentación, o equipo será **expulsado** da competición segundo o (**artigo 17.10**)

2.14 CAMBIO DE NOME DO EQUIPO

Unha vez comezada a competición non se poderá cambiar o nome do equipo

3 REGULAMENTACIÓN DOS DEPORTES

En **Baloncesto, Fútbol Sala e Fútbol 11**, xogárase segundo as regras de xogo das Federacións Galegas correspondentes.

En **Fútbol 7** xogárase segundo as regras elaboradas pola **Asociación Nacional de Fútbol 7 e a Agrupación Deportiva Vigo**.

En todas as modalidades deportivas, prevaleceran sobre as Federacions, as normas reflectidas neste artigo e no artigo 5

As regulamentacións oficiais das Federacións Galegas, se poden consultar na páxina web **www.vide.es** da Fundación Vigo en Deporte (**VIDE**).

BALONCESTO

- a) O xogador será expulsado do terreo de xogo polo seguinte:

Por técnica descualificante.

Cando teña unha técnica e unha antideportiva.

b) Ao comezo do partido, no caso de non estar presente o oficial de mesa, o equipo que actúe como local terá que poñer a disposición do árbitro a unha persoa cualificada para exercer dita función. No caso de que a persoa designada se trate dun xogador, este poderá exercer dita función nun dos períodos do partido ou nos dous. Este xogador non poderá xogar mentres exerza coma oficial de mesa.

c) No caso de que un equipo quede con **catro** xogadores no terreo de xogo por causa de **expulsións por persoais**, o xogador que estivera exercendo coma oficial de mesa poderá entrar a xogar en lugar dun dos xogadores expulsados. No caso de que o xogador que estivera exercendo como oficial de mesa entre a xogar incumprindo esta norma, considerárase **aliñación indebida**.

d) Non poderá exercer coma oficial de mesa ningún integrante do equipo que fora **sancionado** no partido con descualificante ou fora sancionado polo Comité de Competición, polo Comité de Apelación ou pola Organización. Tampouco poderá exercer dita función ningún xogador que se atope de **baixa** polo seguro deportivo.

e) O xogador que exerza coma oficial de mesa terá que lle presentar a súa licenza ao árbitro do partido. No caso de tratarse dunha persoa que non pertenza ao equipo terá que identificarse co seu DNI.

f) A persoa que exerza de oficial de mesa non poderá facerlle ningún comentario de carácter técnico ao árbitro. O árbitro poderá ordenar substituílo cando considere que está interferindo no seu labor.

FÚTBOL SALA

a) Cada equipo ocupará no primeiro tempo o banco correspondente á súa zona de defensa, tendo que cambiarse do banco durante o descanso.

b) Cada equipo terá dereito a un tempo morto dun minuto en cada período do xogo. Un tempo morto só se concederá se o equipo que o solicita está na posesión do balón. Cando resten **4 minutos ou menos** para o descanso ou a para terminación do partido non se concederán tempos mortos.

c) Se un xogador se cambia polo porteiro, terá que levar o número de dorsal que tiña como xogador.

d) Non será válido o gol obtido directamente dende o saque do centro do campo.

1 Gol marcado en situación irregular

a) Se despois de anotarse un gol o árbitro decátase de que o equipo que anotou o gol estaba xogando nese momento con **6 xogadores** ou fixo un cambio irregular, aplicarase unha das seguintes regras:

b) Se o árbitro se decatou da irregularidade antes do saque de centro do campo debido ao gol, anulará o gol e mostraralle cartón amarelo ao xogador infractor. O xogo continuará con tiro libre indirecto por parte do equipo que recibiu o gol anulado dende calquera parte da súa área de penalti.

c) Se o árbitro se decatou da irregularidade con posterioridade ao saque de centro do campo debido ao gol, o árbitro dará validez ao gol e amosará tarxeta amarela ao infractor.

2 Faltas sancionadas con tiro libre indirecto

Sancionarase con tiro libre indirecto a favor do equipo non infractor se:

a) O porteiro xoga o balón máis de **4 segundos** no seu propio medio campo.

b) O porteiro ou un xogador tardan máis de **4 segundos** en sacar de meta, en sacar de banda ou en executar unha falta.

c) O porteiro, tras xogar ou tocar o balón no seu medio campo, cando xa ou tocará anteriormente, agas que non fora un rexeitamento.

d) Un xogador lle cede o balón ao seu porteiro, e este toca o mesmo con unha ou as dúas mans na súa propia área de penalti. Se o porteiro comete esta infracción fóra da súa área de penalti, a xogada sancionarase cun tiro libre directo.

3 Faltas sancionadas con tiro libre directo

a) Se ao executarse un tiro libre directo despois da sexta falta acumulable, este foi lanzado por outro xogador distinto ao que previamente llo comunicou ao árbitro, o árbitro parará o xogo e amosará ao lanzador por conduta antideportiva. O xogo reanudárase con tiro libre indirecto a favor do equipo contrario dende o mesmo punto onde ía ser efectuado o tiro libre directo.

b) Cando se execute un tiro libre directo os xogadores do equipo contrario terán que estar situados coma mínimo a **5 metros** do balón.

c) Se ao executar un tiro libre con dereito a formación de barreira algún xogador adversario se atopa máis cerca do balón que a distancia regulamentada, o árbitro amosará ao xogador infractor e ordeará repetir o tiro libre, salvo cando se poida aplicar a lei da vantaxe ou se cometa outra infracción sancionable con tiro libre ou penalti.

4 O saque da banda

a) Para executar un saque de banda o balón terá que estar inmóbil sobre a liña de banda ou ben por fóra desta a unha distancia dela non maior de **25 cm**.

b) Se ao executar un saque de banda os xogadores do equipo contrario non se atopan á distancia regulamentaria, o árbitro amosará ao xogador infractor e ordeará repetir o saque de banda, salvo cando se poida aplicar a lei da vantaxe ou se comete unha infracción sancionable con tiro libre ou penalti pola parte do equipo defensor.

5 O saque de esquina

a) Se o saque de esquina non se executa en menos de **4 segundos** desde a colocación do balón, concederáse saque de meta ao equipo contrario.

b) Se no momento de executarse un saque de esquina algún xogador do equipo contrario se atopa a unha distancia menor da regulamentaria, o árbitro amosará ao xogador infractor e ordeará repetir o saque de esquina, salvo cando se poida aplicar a lei da vantaxe ou se cometa unha falta sancionable con tiro libre ou penalti.

6 Ausencia da barreira de protección.

a) Se un equipo leva cometidas **6 ou mais faltas**, non poderá formar barreira de protección.

Para a execución do tiro libre correspondente seguiranse as seguintes directrices:

b) No momento de executarse o lanzamento da falta o porteiro do equipo contrario deberá atoparse na súa área de penalti e a un mínimo de **5 metros** de distancia do balón.

c) Todos os xogadores, excepto o xogador que executa a falta e o porteiro do equipo contrario, terán que situarse detrás dunha liña imaxinaria paralela á liña de meta, trazada **5 metros** por detrás do balón e sempre fóra da área de penalti. Ningún xogador poderá obstaculizar ao xogador que executa o tiro libre.

d) Ningún xogador poderá traspasar a dita liña imaxinaria ata que o balón sexa posto en xogo.

FÚTBOL 7

a) Xogarase sen a norma do fora de xogo.

b) Hai **3 tarxetas**: amarela, azul (expulsión con cambio) e vermella (expulsión sen cambio).

c) No saque do centro se pode tirar para adiante ou hacia atrás, sendo válidos os goles conseguidos hacia adiante, no caso de sacar hacia detrás e marcar o gol na súa propia portaría, o gol non será válido, e o árbitro pitara saque de esquina a favor do outro equipo.

d) Serán válidos os goles conseguidos directamente dende o saque de portaría.

e) Unha vez o porteiro colla o balón dentro da súa área coa/s man/s, despois de votalo ao chan non poderá collelo de novo. O porteiro poderá patealo ou poderá saír da súa área xogando o mesmo, tamén poderá saír se o tocou con algunha outra parte do corpo, sendo considerado en ambos os dous casos como un xogador de campo máis, ata que retorne á súa área.

f) **O porteiro NON poderá coller o balón coa/s man/s dentro da súa área, cando:**

1) Sexa cedido co pé, por algun dos xogadores do seu equipo.

2). Proceda dun saque de banda do seu equipo.

3). O pare con algunha parte do seu corpo despois de controlalo co pé

g) Unha vez que o porteiro ou un xogador poña o balón en xogo dentro da súa area, o contrario poderá entrar dentro da mesma para xogalo.

h) Todas as mans que se produzan dentro da area, sexan ou non voluntarias, serán sinalizadas como penaltis. **Agas se a man esta apoiada no chan.**

i) No lanzamento dos penaltis o porteiro terá que estar situado na liña de gol e debera manter na devandita liña polo menos un pé, ata que o lanzador golpee o balón.

j) Se o porteiro está adiantado e se consegue o gol, este será válido, e se lle mostrara **tarxeta amarela ao porteiro**, no caso de non conseguir o gol, deberase repetir o lanzamento, e se lle mostrara **tarxeta amarela ao porteiro**.

k) A menos que o árbitro indique o contrario ou se solicite barreira, para executarse un saque de falta non se requerirá que o árbitro pite, sempre o cando o balón este parado e se atope no lugar correcto.

l) Se o equipo solicita barreira aínda que sexa con só un xogador, ningún xogador do equipo contrario podera estar a menos **dun metro da barreira**.

m) Se durante o lanzamento dun tiro libre sen barreira, un xogador contrario colócase a **menos de 3 metros** do balón interrompendo intencionadamente o normal desenvolvemento do xogo, será amostado con **tarxeta amarela**. Se o lanzador do tiro libre busca deliberadamente provocar o cartón lanzando o balón ao contrario, o lanzador do tiro libre será amostado con **tarxeta amarela**.

n) No caso de producirse unha falta dentro da área (xogo perigoso, cesión, retención, etc), excepto se se trata dun penalti, o balón porase en xogo dende a liña frontal da área, no lugar máis preto ao que se cometeu a falta. A barreira situarase a **7 metros do balón**.

ñ) No caso de que o árbitro pare o xogo por calquer causa, lle devolvera o balón ao equipo que tiña a súa posesión no momento da interrupción do xogo.

o) No caso de que o balón impacte co árbitro, provocando a perda do mesmo, parárase o xogo e se renaudara, cun bote a favor do equipo que estaba na posesión do balón.

p) Os cambios efectuaranse sempre polo medio do campo, esperando sempre a que saia o xogador substituído.

FÚTBOL 11

a) Hai **duas** tarxetas: **amarela e vermella** (expulsión sen cambio).

b) No saque do centro se pode tirar para adiante ou hacia atrás, sendo válidos os goles conseguidos hacia adiante, no caso de sacar hacia detrás e marcar o gol, na súa propia porteria, o gol non será válido, e o árbitro pitara saque de esquina a favor do outro equipo.

c) O fora de xogo deixa de existir, cando o balón sexa pateado co pé nun saque de porteria.

d) Unha vez o porteiro colla o balón dentro da súa área coa/s man/s, despois de votalo ao chan non podera collelo de novo. O porteiro podera patealo ou poderá sair da súa area xogando o mesmo, tamén podera saír se o tocou con algunha outra parte do corpo, sendo considerado en nestes dous últimos casos como un xogador de campo máis.

f) **O porteiro NON poderá coller o balón coa/s man/s dentro da súa area, cando:**

1) Sexa cedido co pé, por algun dos xogadores do seu equipo.

2). Proceda dun saque de banda do seu equipo.

3). O.pare con algunha parte do seu corpo despois de controlalo co pé

g) Todas as mans que se produzan dentro da súa area, se non están os brazos pegados ao corpo, sexan ou non voluntarias, serán sinalizadas como penaltis. **Agas se o infractor ten a man apoiada no chan.**

h) No lanzamento dos penaltis o porteiro terá que estar situado na liña de gol e debera manter na devandita liña polo menos un pé, ata que o lanzador pateo o balón.

Se o porteiro está adiantado e se consegue o gol, este será válido e se amonestara ao porteiro, no caso de non conseguir o gol, deberase repetir o lanzamento e se amonestara ao porteiro

i) No saque de porteria unha vez que o porteiro, ou un xogador poña o balón en xogo dentro da súa area, o contrario poderá entrar dentro da mesma para xogalo.

j) A menos que o árbitro indique o contrario ou se solicite barreira, para executarse un saque de falta non se requirirá que o árbitro pite, sempre o cando o balón este parado e se atope no lugar correcto.

k) Se o equipo solicita barreira con **tres ou mais xogadores**, ningún xogador do equipo contrario podera estar a menos dun **metro da barreira**. A barreira ten que colocarse a **9.15 metros do balón**.

l) No caso de producirse unha falta dentro da área pequena (xogo perigoso, cesión, retención, etc), excepto se se trata dun penalti, o balón se pora en xogo dende a liña frontal da área, colocándose a barreira sobre a liña de gol, e a falta será libre indirecto.

m) Se durante o lanzamento dun tiro libre un xogador contrario se coloca a **menos de 1,5 metros** do balón interrompendo intencionadamente o normal desenvolvemento do xogo, será amostado con **tarxeta amarela**.

n) No caso de que o árbitro pare o xogo por calquer causa, lle devolvera o balón ao equipo que tiña a súa posesión no momento da interrupción do xogo.

ñ) No caso de que o balón impacte co árbitro, provocando a perda do mesmo, pararese o xogo e se renaudara cun bote a favor do equipo que estaba na posesión do balón.

o) Para efectuar os cambios, cada equipo dispoñe ata un **MÁXIMO de 3 veces** en cada tempo, pero só podera facer ditos cambios **cun máximo de nove xogadores en cada tempo**.

p) Unha vez efectuados os cambios en cada periodo do tempo, no caso de que un xogador teña que abandoar o terreo de xogo por unha lesión ou por outra causa, non podera ser substituído.

q) No descanso podéñse cambiar aos xogadores que se consideren oportunos.

r) Os cambios efectúanse sempre polo medio do campo, agas cando o árbitro indique que se pode facer por outro sitio, o/s novo/s xogador/es terá/n que esperar a que saia/n o/s xogador/es do terreo de xogo, para facer dito/s cambio/s.

s) Todos os xogadores suplentes, terán que usar un peto, que no sexa do mesmo cor que a equipacion dos equipos e do árbitro, para poder distigüilo dos xogadores que están a xogar.

4 DESENVOLVEMENTO DA COMPETICIÓN

a) A competición levarase a cabo en pavillóns, campos municipais, e nas instalacións que alugue a Organización.

b) En xeral os partidos terán lugar nas fins de semana, ben sexa o sábado ou domingo, cos horarios seguintes:

BALONCESTO	sábados de 16.00 a 22.00 domingos. de 8,30 a 22,00
FÚTBOL SALA E FÚTBOL 7	sábados de 16.00 a 22.00 domingos. de 9.00 a 22.00
FÚTBOL 11	sábados de 16.00 a 22.00

c) En casos excepcionais ou por necesidades organizativas sé poran variar estes horarios, ou os días da semana.

5 PETICIÓN S DE DATAS, HORARIOS OU APRAZAMENTOS

Polos perxucios que ocasionan á Organización, para que o Comité de Competición autorice as peticións de cambio de horario ou o de aprazamento dun partido, estas terán que ser por un feito moi importante ou pola causa de forza maior debidamente xustificada.

1) Unicamente a persoa responsable do equipo ou o delegado poderán solicitar o cambio de **horario** ou **aprazamento** dun partido. Dita petición se tén que facer no impreso oficial da solicitude, que facilitará a Organización, cubríndose todos os seus apartados, e tendo que ser asinada polo solicitante.

2) No caso de solicitarse un **cambio de horario**, a solicitude deberá ser entregada antes das **20:30 h.** do **luns** anterior á data do partido.

3) No caso de solicitarse un **aprazamento**, a solicitude deberá ser entregada antes das **20:30 h.** do luns, e sempre cun mínimo de **15 días** de antelación respecto á data do partido.

4) Cada equipo terá dereito a un máximo de **tres cambios de horario** e de **dous aprazamentos** ao longo de toda a tempada.

5) Cando resten só **catro** xornadas ou menos para o remate da tempada, non se concederá ningún cambio de **horario** nin ningún **aprazamento**. O equipo que non se presente a un partido será sancionado segundo o (**artigo 23**).

6 PARTIDOS

a) Para dar comezo o partido terán que atoparse no terreo de xogo **cinco** xogadores por equipo en, **baloncesto e fútbol sala, seis en fútbol 7 e oito no fútbol 11.**

b) O partido rematará cando por calquera feito a un dos equipos lle quede no terreo de xogo: **un** xogador en **baloncesto, tres en fútbol sala, catro en fútbol 7 e seis no fútbol 11.**

De darse este caso e ir o equipo empatado ou gañando, daráselle o partido por perdido por **2 a 0** en **baloncesto** e por **1 a 0** en **fútbol sala, fútbol 7 e fútbol 11.** De ir perdendo, o resultado será o que reflecta o marcador nese momento.

c) Se un xogador chega antes do comezo do segundo tempo, poderá participar no partido. O delegado do seu equipo entregaralle no descanso a licenza correspondente ao xuíz árbitro, para que a reflecta na acta, se non o fai, considerarase **aliñación indebida (artigo 17.6).**

7 DURACIÓN DOS PARTIDOS

BALONCESTO

a) Os partidos disputaranse a dous tempos de **25 minutos** cada un a reloxo corrido, con **5** minutos de descanso entre eles, excepto os derradeiros **3** minutos do segundo tempo, que serán a reloxo parado.

b) No caso de que só resten **3 minutos** para finalizar o partido algún dos equipos vaia gañando por **15 puntos** ou **máis**, o tempo restante disputarase a **reloxo corrido**. Nas prórrogas os **dous** derradeiros minutos serán a **reloxo parado**.

c) En tódolos partidos disputados a continuación dun partido, no que se xogara unha prórroga, o árbitro, de acordo cos delegados dos equipos, poderá modificar a duración do mesmo, ou do descanso, para poder cumprir o horario previsto pola organización.

.FÚTBOL SALA - FÚTBOL 7:

Os partidos disputaranse a dous tempos de **25 minutos** cada un a reloxo corrido, con **5** minutos de descanso entre eles.

FÚTBOL 11

Os partidos disputaranse a dous tempos de **45 minutos** cada un a reloxo corrido, con **15** minutos de descanso entre eles.

En calquer modalidade deportiva, se por causas de forza maior ou debido aos minutos de cortesía, un partido comezase atrasado respecto ao horario previsto, o tempo do retraso descontarase no descanso, ou no tempo total da duración do mesmo.

8 SISTEMA DA COMPETICIÓN

A liga desenvolverase a dobre volta. En caso necesario disputaranse ata dúas xornadas na mesma fin de semana.

BALONCESTO

Na **primeira e segunda división**, unha vez rematada a liga, xógan un **Play Off a dobre volta** os primeiros **5** equipos clasificados polos títulos, e os **5** restantes xógaran polos postos e polo descenso.

Na **terceira división**, unha vez rematada a liga, os primeiros **4** equipos clasificados xogan un **Play Off, a triple volta**, polos títulos e ascensos, e os **5** restantes xogaran un **Play Off, a dobre volta** polos postos.

Unha vez rematadas os Play Off, xógase un Trofeo de Copa nas seguintes xornadas

Xornada **29 (13 previas)** Xornada **30 (Oitavos e Cuartos).**

As Semifinais e Finais de Copa, xoganse o día da Clausura.

FÚTBOL SALA

Unha vez rematadas as ligas, xógase un Trofeo de Copa nas seguintes xornadas:

Xornada 27 (10 previas) Xornada 28 (16 avos) Xornada 29 (Oitavos) Xornada 30 (Cuartos)

As Semifinais e Finais de Copa, xoganse o día da Clausura.

FÚTBOL 7

División de Honor e Senior

Primeira e segunda división: Unha vez rematada a liga, xogan un **Play Off**, a unha volta, os 6 primeiros polos títulos e ascensos, e os 6 restantes xogaran polos postos e descensos.

Terceira división: Unha vez rematada a liga, xogan un **Play Off**, a unha volta, os 5 primeiros polos títulos e ascensos, e os 6 restantes polos postos.

Unha vez rematad os **Play Off**, xógase o Trofeo de Copa, nas seguintes xornadas:

Xornada 28 (3 previas e 16 avos) Xornada 29 (Oitavos) Xornada 30 (Cuartos)

Todas as Semifinais e Finais de Copa, xoganse o día da Clausura.

FÚTBOL 11

Unha vez rematada a liga, xógase un Trofeo de Copa a dobre volta, con dous grupos de 5.

Os Campións e Subcampións de cada grupo, xogaran as semifinais a dobre partido

Os Terceiros e Cuartos de cada grupo xogan as semifinais a dobre partido, o Trofeo de Recopa.

Xornada 29 (1ª Semifinais) Xornada 30 (2ª Semifinais).

O día da Clausura, xógase a final da Recopa.

9 ASCENSOS E DESCENSOS

Competición	Categoría	Ascensos	Descensos
BALONCESTO	1ª división		3
	2ª división	3	3
	3ª división	3	-
FÚTBOL SALA	1ª división		3
	2ª división	3	3
	3ª división	3	
FÚTBOL 7 Divisións Honra	1ª división		3
	2ª división	3	3
	3ª división	3	
FÚTBOL 7	1ª división		3
	2ª división	3	3
	3ª división	3	

1) Unha vez rematada a competición a Organización poderá modificar o número de ascensos e descensos contemplados neste artigo, co fin de equilibrar nas distintas categorías, o número de equipos participantes da vindeira tempada.

2) De cara á vindeira tempada, no caso de ampliación do número de equipos dunha división ou de terse que cubrir algunha praza vacante por renuncia dalgún equipo, as prazas libres serán cubertas en primeiro lugar cos equipos que descendan na presente tempada.

10 GALARDONS

Entregaranse galardóns aos equipos e xogadores seguintes.

CAMPIÓN DA DEPORTIVIDADE , en cada división de Baloncesto, Fútbol Sala e Fútbol 7.	Trofeo.
CAMPIÓN DE CAMPIÓNS DA DEPORTIVIDADE , nas modalidades de: Baloncesto, Fútbol Sala e Fútbol 7.	Trofeo. Vale polo 50% da inscrición para a seguinte tempada.
CAMPIÓN DE CADA DIVISIÓN DE BALONCESTO	Trofeo.
SUBCAMPIÓN DE CADA DIVISIÓN DE BALONCESTO	Trofeo
3º CLASIFICADO DE CADA DIVISION DE BALONCESTO	Trofeo
EQUIPO MÁXIMO ANOTADOR DE CADA DIVISIÓN DE BALONCESTO	Trofeo.
EQUIPO MENOS ANOTADO DE CADA DIVISIÓN DE BALONCESTO	Trofeo.
CAMPIÓN DE CADA DIVISIÓN DE FÚTBOL SALA E FÚTBOL 7	Trofeo
SUBCAMPIÓN DE CADA DIVISIÓN DE FÚTBOL SALA E FÚTBOL 7	Trofeo.
3º CLASIFICADO DE CADA DIVISIÓN DE FÚTBOL SALA E FÚTBOL 7	Trofeo
EQUIPO MÁXIMO GOLEADOR DE CADA DIVISIÓN DE FÚTBOL SALA E FÚTBOL 7	Trofeo.
EQUIPO MENOS GOLEADO DE CADA DIVISIÓN DE FÚTBOL SALA E FÚTBOL 7	Trofeo.
CAMPIÓN DA DEPORTIVIDADE DE FÚTBOL 11	Trofeo, 5 Seguros
CAMPIÓN DE FÚTBOL 11	Trofeo, 5 “
SUBCAMPIÓN	Trofeo, 4 “
3º CLASIFICADO	Trofeo, 3 “
PORTEIRO MENOS GOLEADO	Trofeo
MÁXIMO GOLEADOR	Trofeo
CAMPIÓNS DE COPA E RECOPA	Trofeo
SUBCAMPIÓNS DE COPA E RECOPA	Trofeo

Nas modalidades de **Baloncesto, Fútbol Sala e Fútbol 7**, o nome dos **3 equipos, CAMPIÓNS DE CAMPIÓNS DA DEPORTIVIDADE** darase a coñecer durante a cerimonia da clausura.

Se durante a cerimonia da clausura, non está presente ningún xogador do equipo merecedor dun galardón, considerarase que dito equipo renuncia ao mesmo.

11 XVI CAMPIÓNATO DE ESPAÑA DE FÚTBOL 7

Como nas anteriores tempadas a organización fará unha selección con xogadores das diferentes categorías para participar neste CAMPIÓNato. Todos os compoñentes da selección, terán que achegar unha pequena cota para os gastos xerais que xenera o dito CAMPIÓNATO.

12 SANCIONES POR ALIÑACIÓN DE XOGADORES FEDERADOS

O equipo que aliñe algún xogador federado, este ou non en activo, que non cumpra o (artigo 2, apartado 2.4) será sancionado con:

Expulsión do responsable do equipo de **unha a dúas tempadas** e do xogador por **tres tempadas**.

Perda de todos os partidos disputados ata a data da resolución do Comité de Competición, nos que o equipo teña gañado ou empatado, coa participación do infractor, e polo resultado que especifique o deporte correspondente, Independentemente de darlle os partidos por perdidos, se lle descontaran a mais **12 puntos** da clasificación xeral.

Os partidos perdidos coa participación do infractor manterán o seu resultado.

Perda da **totalidade** da **fianza**, tendo que repoñela segundo o **(artigo 31)**.

13 SANCIONES POR ALIÑACIÓN OU CONSTAR NA ACTA DOS SANCIONADOS

Por aliñar algun xogador que teña unha sanción vixente, as sancións serán as seguintes:

1) Se o equipo gañou ou empatou o partido, daráselle por perdido pola mínima diferenza. Se o equipo perdeu, manterase o seu resultado.

2) Descontaráselle ao equipo, **6 puntos** da clasificación xeral

3) No caso de que o xogador infractor, fose sido sancionado cun máximo de **tres** partidos, será sancionado, con **tres** partidos, e o delegado con outros **tres**.

4) No caso de que o xogador infractor, fose sido sancionado con mais de **tres** partidos, será sancionado, con **seis** partidos, e o delegado con outros **seis**.

5) As sancións pendentes non cumpridas serán incrementadas con estas novas sancións.

6) No caso de que o delegado fose sido sancionado cun máximo de **tres** partidos, e conste na acta, será suspendido por **cinco** partidos, non aplicándose neste caso, o **apartado 1**.

7) **O/s sancionado/s por este artigo non poderá acollerse a ningunha permuta.**

8) No caso de reincidencia, o equipo será **expulsado** dende **unha a dúas** tempadas

9) No caso de que o infractor teña pendentes, **tres** partidos ou mais de suspensión, aplicaráselle ao equipo o **(artigo, 17. apartado 2 ou 3)**.

14 SANCIONES POR TARXETAS

Cando unha falta cometida durante un partido sexa penalizada con expulsión (**descualificante en baloncesto, tarxeta vermella en fútbol sala, ou azul ou vermella en fútbol 7, ou dúas amarelas ou vermella en fútbol 11**), o árbitro reterá a licenza do infractor, o cal esta xa **suspendido** para o seguinte partido.

Esta sanción poderá verse incrementada se así o considera o Comité de Competición, que valorará a gravidade dos feitos polos cales se produciu a expulsión.

15 SANCIONES POR ACUMULACIÓN DE TARXETAS

BALONCESTO

Técnicas ou antideportivas	Suspensión
5	1 partido
8	1 partido
10	1 partido

FÚTBOL SALA

Tarxetas amarelas	Suspensión
5	1 partido
8	1 partido
10	1 partido
12	1 partido
14	1 partido
16	1 partido

FÚTBOL 7

Tarxetas amarelas	Suspensión
5	1 partido
8	1 partido
10	1 partido

FÚTBOL 11

No fútbol 11, duas tarxetas amarelas nun partido, aun mesmo xogador, non són acumulativas.

Tarxetas amarelas	Suspensión
5	1 partido
10	1 partido
15	2 partidos
20	3 partidos

Todos as tarxetas que lles mostre o árbitro aos participantes que estean no banco serán incrementados ao dobre do que marque o artigo/apartado correspondente

16 EXPULSIONS POR ACUMULACIÓN DE TARXETAS

BALONCESTO: Por 3 descualificantes ou 12 técnicas acumulativas ou antideportivas.

FÚTBOL SALA: Por 5 tarxetas vermellas ou 18 tarxetas amarelas.

FÚTBOL 7: Por 3 tarxetas vermellas, ou 5 tarxetas azuis, ou 12 tarxetas amarelas.

FÚTBOL 11: Por 5 tarxetas vermellas, ou 25 tarxetas amarelas.

17 EXPULSIÓN DO EQUIPO

O equipo que incumpra calquera apartado desde artigo será expulsado da competición dende unha a tres tempadas.

- 1) Aliñar o delegado como xogador.
- 2) Facer constar na acta ou participar no partido, o delegado que teña sen cumprir, **tres** partidos ou mais da sanción que tiña imposta.
- 3) Aliñar algun xogador que teña sen cumprir, **tres** partidos ou mais da sanción que tiña imposta.
- 4) Aliñar ou facer constar na acta participantes que falsifiquen a súa licenza ou que xoguen coa licenza doutro participante.
- 5) No caso de reanudarse un partido que fora suspendido por causa de forza maior, aliñar ou facer constar na acta a participantes que foran expulsados no partido. No caso de que a suspensión fora no segundo tempo por aliñar a algun novo xogador ou delegado.
- 6) Unha vez comezado o segundo tempo, que xogue algún xogador que non conste na acta.
- 7) Que algún xogador cambie de camiseta con outro xogador sen poñelo en coñecemento do árbitro.
- 8) En baloncesto, aliñar o xogador que este actuando como oficial de mesa nese período, tendo o seu equipo máis de catro xogadores no campo.
- 9) Por negarse a entregar as Licenzas dos compoñentes do equipo para a súa comprobación. Ou pola ausencia dalgun dos participantes no momento de facela.
- 10) No momento de facer as comprobacións das Licenzas, non presentar algún participante o seu DNI, pasaporte ou carné de conducir, cando requiráselle para a súa identificación en caso de dúbida.
- 11) Por unha vez finalizado descanso, nor ter presentado as Licenzas ou outro documento orixinal do/s participante/s

18 NORMAS XERAIS DAS FALTAS

18.1. CARACTERÍSTICAS XERAIS

O ámbito destas normas/regulamento esténdese a infraccións do regulamento e ás formas de conduta antideportiva durante o desenvolvemento da competición “**Vigo en Xogo**”. Os participantes poderán ser sancionados en todo evento, sexa de carácter deportivo ou non, que organice a “**Agrupación Deportiva Vigo**” cando o seu comportamentó non sexa o correcto ou vaia en contra das normas establecidas no presente regulamento.

18.2. ESPECIFICACIÓNS DAS FALTAS

As faltas consideraranse entre un dos seguintes graos: leve, grave ou moi grave.

Na gradación das faltas teránse en conta as circunstancias atenuantes ou agravantes que puidesen concorrer nestas.

1 Serán circunstancias atenuantes:

- a) Aceptar inmediateamente a sanción que o árbitro impuxo.
- b) Que o infractor amose arrepentimento de forma ostensible e inmediata á acción da falta.
- c) No caso de sancións colectivas, non amosar solidariedade cos infractores.
- d) Non ter sido sancionado anteriormente.

2 Serán circunstancias agravantes:

- a) Non acatar de forma inmediata a decisión do árbitro.
- b) Provocar, con faltas, graves anomalías no desenvolvemento do partido.
- c) Provocar o apoio tumultuoso ou violento doutras persoas.
- d) Ser reincidente.

18.3. TIPOS DE SANCIONIÓNS

As sancións terán carácter preventivo, educativo e correctivo con fin de axudar ao fomento e ao desenvolvemento das condutas e do espírito deportivo e de xogo limpo que deben rexer nesta competición.

Os tipos de sanción tipificaranse en: **amoestacións, suspensións e expulsións.**

19 SANCIONES XERAIS

Consideraranse feitos sancionables os seguintes apartados.

1) Polo uso indebido da Asistencia Medico Sanitaria para atender unha lesión non acaecida nesta competición “**Vigo en Xogo**”. Conlevará **expulsión de dúas a catro** tempadas.

2) Por difundir por medio oral en calquera lugar ou acto notorio ou público, ou de modo escrito en calquera medio de difusión público ou privado, sen fundamento nin razón e actuando de mala fe, se desprestixie, menoscabe ou atente contra a dignidade da Organización, dos membros desta, dos árbitros ou dos colaboradores, conlevará suspensión dende **cinco** partidos ata **expulsión** por **catro** tempadas.

3) Por non avisar a Organización antes do **xoves** anterior a celebración do **Torneo de Campións**, que o equipo campión de grupo, non se pode presentar a xogar, ou por retirarse unha vez comezado dito **Torneo**, sin unha causa de forza maior debidamente xustificada, o equipo será **expulsado** da competición.

4) Pola non presentación do equipo ou a retirada do mesmo antes do remate de calquera competición allea a “**Vigo en Xogo**”, sen unha causa de forza maior de debidamente xustificada, despois de que o responsable do dito equipo comprometerase ante a Organización a participar nesa competición. O equipo será **expulsado** da competición.

5) Por deixar pendente de **aboar algunha débeda coa Organización**. O responsable do equipo será **expulsado** por **dúas** tempadas e o resto dos compoñentes do equipo dende **unha a dúas** tempadas. Para volver a participar terán que cumprir o establecido no (**artigo 1, apartado 1.3 e**).

6) Cando un xogador deixe sen pagar algunha debida ao **Seguro Medico Deportivo**, ou ao **Hospital** concertado polo seguro, no prazo establecido no (**artigo 1 apartado 1.3 d**), será **expulsado** da competición dende **unha a dúas tempadas**.

7) Pola presentación de **documentación falsa**. O responsable do equipo e o participante que conste en dita documentación serán **expulsados** dende **unha a tres** tempadas.

8) Por non presentar a licenza **unha** segunda vez (**artigo 2, apartado 2.7 d**). O participante será suspendido por **dous** partidos. A terceira vez será suspendido por **catro** partidos. A **cuarta e posteriores** veces será suspendido con **seis** partidos cada vez, nestes últimos casos, non poderá acollerse a permuta.

No caso de ser todo o equipo ou o **50%** do mesmo, quen no presente as Licenzas unha **segunda** vez, o **responsable do equipo** e o **delegado**, serán sancionados polo (**artigo 20.9**).

9) No **fútbol 11**, no caso de chegar tarde (**15 minutos de cortesía**) o equipo será sancionado coa perda **dun punto** na clasificación xeral, sendo tamén sancionado polo (**artigo 28**).

10) No **fútbol 11**, no caso de que un equipo se presente sen a uniformidade, será sancionado con a perda do partido polo resultado de **3 – 0**.

11) Polo uso incorrecto das instalacións deportivas ou do seu mobiliario, non cumprindo as súas normas de uso propias ou as deste regulamento. O infractor será suspendido dende un mínimo de **tres** partidos ata **expulsión** por **catro** tempadas..

12) Por **Fumar**, consumir **bebidas alcohólicas** ou comer **pipas** ou outros produtos secos que teñan casca nos campos de fútbol 7, pavillóns, bancos ou vestiarios, conlevará suspensión dende un mínimo de **catro** partidos ata **expulsión** por **tres** tempadas.

13) Polo uso indebido das actas, Licenzas ou outros documentos da Organización, conlevará suspensión de **tres a cinco** partidos. No caso de ser un acompañante do equipo o culpable, a sanción recaerá sobre o delegado do partido. (**artigo 20.26**).

14) Por retrasar intencionadamente o comezo de calquera das partes do partido, conlevará suspensión de **dous a seis** partidos.

15) Polo uso de **tacos metálicos** ou de **multitacos** no Baloncesto ou Fútbol Sala. Conlevará **expulsión** do xogador e do delegado no partido dende **dúas a catro** tempadas.

16) Por poñerse a xogar estando de **baixa** polo **seguro deportivo**, conlevará **expulsión** dende **dúas a tres** tempadas. Tamén serán sancionados o delegado no partido e o equipo segundo o (**artigo 20.18**).

17) Por xogar con **xoias** ou **adornos** non permitidos, conlevará suspensión por **tres** partidos. No caso de reincidencia, a sanción será dende **seis** partidos de suspensión ata **expulsión** por **dúas** tempadas.

18) Por xogar sen **protector das canelas** en fútbol sala, fútbol 7 e fútbol 11, conlevará suspensión por **catro** partidos, e no caso de resultar lesionado por non ter usado as proteccións, **expulsión** por ata **dúas** tempadas. Tamén será sancionado o delegado no partido segundo o (**artigo 20.20**).

19) Por entrar no terreo de xogo con síntomas de embriaguez ou, por calquera causa, non atoparse en condicións de comportarse co debido respecto cara aos seus compañeiros, aos oponentes, ao árbitro ou ao público, conlevará suspensión dende **catro a seis** partidos, tamén será sancionado o delegado segundo o **(artigo 20.19). O árbitro non deixara xogar a quen presente ditos síntomas.**

20) Por abandonar o terreo de xogo sen permiso do árbitro ou do oficial de mesa, conlevará suspensión por **dous** partidos.

21) Por invadir o terreo de xogo, conlevará suspensión dende un mínimo de **dous** partidos ata **expulsión** por **dúas** tempadas.

22) Por non abandonar o terreo de xogo, o banco ou os seus arredores cando sexa **expulsado**, conlevará suspensión dende un mínimo de **catro** partidos ata **expulsión** por **dúas** tempadas.

23) Por adoptar unha actitude pasiva ou negligente, no cumprimento das ordes, decisións ou instrucións do árbitro, do oficial da mesa, dos responsables das instalacións deportivas ou dos membros da Organización ou dos comités, ou non poñerse a disposición destes, conlevará suspensión de **dous a dez** partidos.

24) Por incitar aos xogadores, aos acompañantes dos mesmos ou ao público en xeral a realizar actitudes antideportivas, con xestos ou palabras, contra o desenvolvemento do partido, conlevará suspensión dende un mínimo de **tres** partidos ata **expulsión** por **dúas** tempadas.

25) Por protestar, proferir insultos, berros ou ameazas, retar ou realizar actos de desconsideración ou vexatorios de palabra ou obra, menosprezar ou ofender, empregar xestos, ademáns ou actitudes coactivas ou formular reparos ou observacións pronunciando verbas atentatorias, xenófobas ou vexatorias, antes, durante ou despois da celebración dun partido, ou na bancada, cara ao árbitro, ao oficial de mesa, aos compoñentes do seu equipo ou do equipo contrario, ao público, aos responsables das instalacións ou aos membros da Organización, conlevará a suspensión dende **dous** partidos ata **expulsión** por **catro** tempadas. Por xogar de modo perigoso ou violento. Conlevará suspensión de **dous a quince** partidos e, segundo a gravidade dos danos causados, **expulsión** ata **duas** tempadas.

27) Por intentar realizar unha agresión ou repeler a mesma, conlevará suspensión dende un mínimo de **tres** partidos ata **expulsión** por **duas** tempadas.

28) Polas agresións, dependendo da gravidade dos feitos, conlevará suspensión dende un mínimo de **seis** partidos ata **expulsión** por **cinco** tempadas.

29) Cando un xogador que participa en dous deportes diferentes sexa sancionado polo árbitro coa expulsión con: (técnica descualificante, cartón azul ou vermello), ou sexa sancionado polos Comités ou pola Organización, non poderá xogar na outra modalidade deportiva mentres non cumpra a sanción imposta..No caso de que xogue, o equipo co cal xogou será sancionado segundo o **(artigo 13 ou 17).**

Agás cando sexa sancionado pola acumulación de técnicas ou antideportivas no Baloncesto, ou por tarxetas amarelas.

30) Por non presentar un/s balón/s regulamentario en boas condicións, conlevará unha sanción económica **(artigo 28).**

31) Polo uso de vestimenta non autorizada neste regulamento **(artigo 2.6)** ou saír a xogar indebidamente uniformado, conlevará unha sanción económica **(artigo 28).**

32) Por non entregar a **alta medica**, na oficina de organización ou ao árbitro do partido, conlevará **dous** partidos de sanción.

33) Por non presentarse ante a Organización, o Comité de Competición ou o Comité de Apelación sen ter unha causa de forza maior debidamente xustificada, no caso de ser convocado. Conlevará a suspensión por **tres** partidos.

34) A reiteración nalgún dos apartados, por parte dalgún integrante do equipo ou dos seus acompañantes, poderá chegarse a sancionar coa **expulsión** do/s infractor/es, e do delegado no partido dende **unha a catro** tempadas.

35) No caso de cun participante sexa sancionado, por algun dos apartados: **11 – 12 - 25 e 28**, segundo a gravidade dos feitos acaecidos, poderá chegarse a sancionar coa **expulsión** de todos os intrigantes do equipo, polo mesmo tempo, con que foi sancionado o infractor.

36) Todas as desconsideracións en contra dos xuíces árbitros, oficiais de mesa, persoal das instalacións, colaboradores, ou membros da Organización, serán sancionadas co máximo rigor.

20 SANCIONES AO RESPONSABLE E AO DELEGADO NO PARTIDO

1) O **responsable do equipo, o/s delegado/s no partido** e os demais **compoñentes do equipo** serán os responsables do comportamento dos seus acompañantes e poderán ser sancionados polo comportamento dos mesmos. En función da gravidade dos feitos acaecidos o responsable e o/s delegado/s serán sancionados, dende **amoestación** ata **expulsión** por ata **dúas** tempadas.

2) Se polo incumprimento das **obrigas do delegado** ocorreren feitos que fixeran perigar a integridade física do xuíz árbitro, do oficial da mesa, do persoal das instalacións, dos membros da Organización ou dos Comités, dos xogadores ou dos acompañantes do equipo propio ou contrario, o delegado será suspendido dende **seis** partidos ata **expulsión** dende **unha a catro** tempadas.

3) Se o delegado no partido permite que os xogadores do seu equipo ou os seus acompañantes incumpren as normas establecidas respecto ao uso e **conservación das instalacións deportivas** ou sobre o **consumo de bebidas alcohólicas, que fumen ou coman pipas ou produtos que teñan casca**, será sancionado, dende un mínimo de **tres** partidos ata **expulsión** por **dúas** tempadas.

No caso de ser os acompañantes do equipo e non se sabe de que equipo son, se sancionara con **tres partidos** a cada un dos delegados no partido.

4) Se o delegado permite que esten no banco ou arredor do mesmo compoñentes do equipo que foran expulsados no partido, que non consten na acta, que esten sancionados, que se atopen de baixa polo Seguro da Asistencia Medico Sanitaria, así como calquera outra persoa que non pertenza ao equipo, será suspendido dende **catro** partidos ata **expulsión** por ata **dúas** tempadas.

No caso de contravir calquera dos apartados anteriores tamén poderán ser sancionados ou expulsados todos os compoñentes do equipo, segundo o artigo que lle corresponda.

5) No caso de non entregar as Licenzas coa debida antelación o delegado no partido será sancionado **cun** partido.

No **baloncesto, fútbol sala e fútbol 7**, as teñen que entregar (**15 a 10 minutos**) antes do comezo do partido. Agas no **fútbol 11**, que son só (**15 minutos**) antes.

6) Nas modalidades deportivas de, **baloncesto, fútbol sala e fútbol 7** no caso de chegar tarde (**5 minutos de cortesía**) durante o descanso ou a finalización do partido. Se o equipo se presenta tarde unha segunda vez, será sancionado coa perda **dun punto** na clasificación xeral, e o responsable do equipo, será sancionado **cun** partido.

7) No **fútbol 11**, no caso de chegar tarde (**15 minutos de cortesía**) as terán que entregar no descanso ou a finalización do partido. O responsable do equipo será sancionado **cun** partido, o equipo coa perda **dun punto** na clasificación xeral, sancionándose ao equipo tamén polo (**artigo 28**).

8) Cando un equipo non se presente a xogar a sua hora **unha segunda** vez, sen causa de forza maior debidamente xustificada, aplicaranselle un dos anteriores **artigos**. Sendo tamén sancionado o responsable do equipo con **tres** partidos, e a **terceira** vez con **cinco**. Neste último caso, ao equipo se lle descontaran **seis puntos** da clasificación xeral. No caso de reiteración posterior o equipo será **expulsado**.

9) Por non presentar as Licenzas de todo o equipo ou só o **50%** do mesmo, **unha segunda** vez, o **responsable do equipo** e o **delegado** no partido, serán sancionados **cun** partido e no caso de reiteración/s con **tres** por cada vez.

10) Por entregar as **Licenzas de xogadores** que non **estean presentes** nese momento na instalación deportiva. Conlevará **tres** partido de sanción.

11) **Por negarse a asinar a acta** antes do comezo do partido ou, no caso de chegar tarde (**minutos de cortesía**), no descanso ou á finalización do partido, conlevará suspensión por **catro** partidos.

12) No **fútbol 11**, por non estar os xogadores suplentes debidamente identificados cun peto, estando no **banco** ou **calentando**, o delegado no partido será sancionado **cun** partido. No caso de reiteración con **tres** cada vez.

13) Por non coincidir o **número do dorsal** facilitado ao árbitro co dorsal da equipación dalgún xogador, conlevará sanción ao delegado por **dous** partidos. A segunda e posteriores que ocorra este feito, suspensión por **catro** partidos, aínda que o delegado non sexa o mesmo que recibiu as sancións anteriores.

14) Pola alineación de xogador/es que non este/n debidamente uniformado/s, o delegado será sancionado **cun partido e o equipo polo (artigo 28)**

15) Por non ter presentado as **Licenzas** ou outro **documento** acreditativo dos participantes unha vez xogado o primeiro tempo do partido, ao equipo se lle aplicara o **(artigo 17)**.

16) Por permitir que os xogadores do seu equipo quenzan con **balón polas bandas**, entre os campos de **fútbol 7** ou dentro do pavillón mentres se esten xogando outros partidos. Conlevará sanción por **dous** partidos. No caso de que algún balón utilizado no quecemento interrompa o normal desenvolvemento dalgún partido, a sanción será de **catro** partidos.

17) Por permitir que os acompañantes dos membros do seu equipo **se atopen entre os campos de fútbol 7** mentres se este disputando algún partido. A primeira vez conlevará dende **amoestación** ata suspensión por **tres** partidos. No caso de tratarse de nenos/as, conlevará suspensión por un mínimo de **catro** partidos ata **expulsión** por **dúas** tempadas.

18) **Pola aliñación de xogadores que esten de baixa pola Asistencia Medico Sanitaria**. Conlevará a suspensión ao delegado no partido por **quince** partidos. Ademais será sancionado o equipo coa **perda da metade da fianza**, o desconto de **12 puntos** na clasificación xeral e a perda do partido polo resultado que se especifique para cada deporte. No caso de reiteración, o equipo será **expulsado** dende **unha a tres** tempadas.

19) **Pola aliñación de xogadores que non esten en condicións de xogar** debido ao consumo de alcohol ou de substancias prohibidas. Conlevará suspensión por **dous** partidos.

20) Por permitir que os **xogadores saian a xogar sen protector das canelas**, conlevará suspensión por **tres** partidos. No caso de reincidencia, suspensión por un mínimo de **seis** partidos ata **expulsión** por **dúas** tempadas.

21) Por permitir que os **xogadores saian a xogar con xoias ou adornos**, conlevará suspensión por **tres** partidos. No caso de reincidencia, suspensión por un mínimo de **seis** partidos ata **expulsión** por **dúas** tempadas.

22) Por permitir que os **xogadores abandonen o terreo de xogo sen autorización** do árbitro ou oficial da mesa, conlevará suspensión por **dous** partidos

23) Por permitir que os **xogadores que se atopen no banco esten de pé**, conlevará dende **amoestación** ata suspensión por **catro** partidos.

24) **Por invasión do terreo de xogo** por parte dos xogadores do seu equipo ou dos acompañantes dos mesmos, conlevará suspensión por un mínimo de **tres** partidos a **expulsión** ata **dúas** tempadas

25) Por negarse a entregar as Licenzas dos xogadores sancionados ao árbitro do partido, conlevará suspensión por un mínimo de **catro** partidos ata **expulsión** por **dúas** tempadas.

26) Por uso indebido por parte de calquera acompañante do equipo das actas, Licenzas ou outros documentos da Organización, conlevará suspensión de **tres a oito** partidos.

27) Por non entregar na oficina da Organización as Licenzas dos sancionados no prazo establecido no **artigo 24.a)**, o responsable do equipo será suspendido por **dous partidos**

21 SUSPENSIÓN E AS SUAS SANCIÓN

1) Por, unha vez finalizado o descanso, non ter presentado as Licenzas ou outro documento orixinal (DNI, pasaporte ou carné de conducir) que permita acreditar a identidade do/s participante/s, se lle dara o partido por perdido, pola mínima diferenza, e se lle aplicara ao equipo o **(artigo 17.10)**

2) Por ter que suspenderse un partido debido a que non queira abandonar o **terreo de xogo**, o **banco** ou os **arrededores**: un participante expulsado do partido, participantes que non consten na acta ou acompañantes, ao equipo responsable, no caso de ir gañando ou empatado, daráselle o partido por perdido pola mínima diferenza, sancionándose ao delegado no partido polo **(apartado 5)**, e ao equipo coa perda da **totalidade da fianza** e desconto de **6 puntos** na clasificación xeral.

3) Por ter que suspenderse un partido por agresión, intento de agresión ou actitudes antideportivas por parte dalgún integrante do equipo ou algún dos seus acompañantes antes do comezo do partido ou durante o seu desenvolvemento, ao equipo responsable, no caso de ir gañando ou empatado, daráselle o partido por perdido pola mínima diferenza, sancionándose ao delegado no partido polo **(apartado 5)**, e ao equipo coa perda da **totalidade da fianza** e desconto de **9 puntos** na clasificación xeral

4) Por ter que suspenderse un partido pola actitude do/s xogadores ou acompañantes por non querer cumprir as Normas, sobre a **prohibición** do consumo **bebidas con alcohol**, por **fumar** ou polo consumo de produtos que **teñan casca**, ao equipo responsable, no caso de ir gañando ou empatado, daráselle o partido por perdido pola mínima diferenza, sancionándose ao delegado no partido polo **(apartado 5)**, e ao equipo coa perda da **mitade da fianza** e desconto de **4 puntos** na clasificación xeral

5) **No caso de incorrer ningún dos anteriores apartados. O delegado no partido, do equipo responsable, será sancionado dende 4 partidos, ata expulsión dende unha a tres tempadas, e os xogadores culpables da devandita suspensión serán sancionados polo (artigo 19).**

6) No caso de non saber que equipo foi o responsable, sancionarase a ambos dous delegados do partido, con **tres** partidos cada un, e aos equipos coa perda da **mitade da fianza** e desconto de **tres puntos** da clasificación xeral, no caso de ser polos **apartados 2 e 4**, e se foi polo **apartado 3** descontaráselles **4 puntos**.

7) **Os equipos sancionados coa perda parcial ou total da Fianza, teñena que repoñer segundo o (artigo 31)**

8) Cando teña que suspenderse un partido debido á non presentación dun balón regulamentario en boas condicións, o partido rematará con resultado de **0-0**, descontaráselle **un punto** na clasificación xeral a cada equipo e ambos equipos serán sancionados segundo o **(artigo 28)**.

9) Cando o árbitro decida suspender un partido no **primeiro tempo**, cando se reanude xogarse o tempo total pendente. Se no momento de decretarse a suspensión quedarán **menos de 10 minutos** para a finalización do partido, este **darase por finalizado**.

10) Na reanudación dun partido suspendido durante o primeiro tempo, os equipos poderán incorporar novos xogadores ou delegado(s) exceptuando aqueles que foran **expulsados nese mesmo partido ou foran sancionados** por feitos acontecidos no mesmo. No caso de que a suspensión do partido tivera lugar durante o segundo tempo, non se poderá incorporar ningún xogador ou delegado(s) novo(s). En caso de infrinxirse esta norma, considerarase **aliñación indebida**.

11) Se o xuíz árbitro decidira que se debe suspender o partido e non fora quen de facelo ou non puidera actuar dun xeito neutral debido a que se sentise coaccionado pola actitude dalgún xogador ou dos seus acompañantes, o resultado final non terá validez. O Comité de Competición e o Comité de Apelación terán a potestade para investigar sobre os feitos acaecidos e para sancionar, se o consideran necesario, ao delegado e aos xogadores.

22 NON PRESENTACIÓN

Consideraranse “non presentación” os seguintes casos:

a) Cando transcorridos os **5** ou os **15 minutos de cortesía**, dende a hora fixada para o comezo do partido algún dos equipos non dispoña no terreo de xogo do número suficiente de xogadores.

b) Cando un equipo se negue a comezar o partido ou se retire do terreo de xogo sen causa de forza maior debidamente xustificada.

23 SANCIONES POR NON PRESENTACIONES

1) Cando un equipo non se presenta, ou se presente por **primeira** vez con **menos** de **cinco** xogadores en **Baloncesto** ou **Fútbol Sala**, de **seis** en **Fútbol 7** e de **oito** en **fútbol 11**, será **sancionado** coa perda do partido pola diferenza de: (**3 goles a 0 no fútbol sala, fútbol 7 e fútbol 11 e con 20 puntos a 0 no baloncesto**), perda da **metade** da **fianza** e **desconto** de **6 puntos** na clasificación xeral se restan máis de **catro xornadas** para o remate da tempada.

2) No caso de que ambos equipos non se presenten ou se presenten co número de xogadores indicado no (**apartado 1**) o resultado final do partido será de **0-0**. Ademais sancionárase a cada un dos equipos coa perda da **metade** da **fianza** e **desconto** de **7 puntos** na clasificación xeral.

3) Pola **segunda** non presentación ou por non ter o número de xogadores suficientes para comezar o partido, o equipo será expulsado da competición.

4) Cando un equipo se presenta por **primeira** vez con **catro** xogadores en **Baloncesto** e **Fútbol Sala** con **cinco** en **Fútbol 7** e con **sete** en **fútbol 11**, será sancionado polo **apartado 1**.

5) No caso de que ambos equipos se presenten co número de xogadores indicado no **apartado 4**, o resultado final do partido será de **0-0**, descontadolles **1 punto** na clasificación xeral a cada un deles.

6) Cando un equipo se presente por **segunda** vez co número de xogadores indicado no **apartado 4**, será sancionado coa perda do partido segundo o **apartado 1**, **perda** da **metade** da **fianza** e co **desconto** de **6 puntos** da clasificación xeral.

7) Cando este feito lle ocorra por **terceira** vez a un mesmo equipo, será **expulsado** da **competición**.

8) Por non querer comezar o partido ou retirarse do terreo de xogo sen unha causa de forza maior debidamente xustificada aplicaranse as seguintes sancións: perda do partido pola diferenza de, (**3 a 0 no fútbol sala, fútbol 7 e fútbol 11 e de 20 a 0 no baloncesto**), perda da **totalidade** da **fianza**, **desconto** dende **6 a 9 puntos** na clasificación xeral e suspensión para o delegado no partido dende un mínimo de **seis** partidos ata **expulsión** de **unha a dúas** tempadas.

9) Cando só restan **catro** ou **menos xornadas** para o remate da liga, no caso de que un equipo no se presente ou non presenta o mínimo de xogadores para comezar o partido o equipo será sancionado coa perda do partido segundo o **apartado 1**, **perda** da **metade** da **fianza** e **desconto** de **15 puntos** da clasificación xeral.

10) No caso de que ambos equipos se presenten co número insuficiente de xogadores para comezar o partido, o resultado final do partido será de **0-0**. Ademais sancionárase a cada un dos equipos coa **perda da metade** da **fianza** e **desconto** de **15 puntos** na clasificación xeral.

11) Cando este feito lle ocorra **por segunda vez** a un mesmo equipo, será **expulsado** da **competición**.

12) Se alguna destas infraccións se cometen nunha competición a unha única volta, o equipo será **expulsado** da competición. Se é en nunha competición de copa, o equipo quedará **eliminado** e será sancionado coa **perda** da **metade** da **fianza**.

O Comité de Competición está facultado para resolver en caso excepcional, os casos de non presentación, sempre que fose por unha causa de forza maior debidamente xustificada, procedendo da seguinte maneira: reprogramación do partido ou perda do mesmo coa aplicación das sancións.

24 REGULAMENTO XERAL DAS SANCIONES

a) Unha vez anunciadas no taboleiro de anuncios as decisións do Comité de Competición, do Comité de Apelación ou da Organización, no caso de que o árbitro non retirara as Licenzas dos xogadores sancionados, calquera dos integrantes do equipo terá que entregarlas na oficina da Organización no prazo máximo de **48 horas a contar dende o momento do anuncio**.

b) As sancións serán cumpridas obrigatoriamente nos partidos inmediatamente posteriores á data dos ditames do Comité de Competición, do Comité de Apelación ou da Organización.

c) No caso de non terse cumpridas por completo as sancións impostas na/s tempada/s anterior/es á presente, os participantes sancionados deberán cumprilas ao longo desta tempada. No caso de sancións con duración maior de unha tempada, a parte pendente da sanción comezarase cumprindo nesta tempada e o resto cumprirase nas seguintes tempadas. Aplicarase esta norma aos participantes independentemente de que participen no mesmo equipo co cal foi sancionado ou nun novo equipo. No caso de incumprirse esta norma, aplicarase o (artigo 15 ou o artigo 19) segundo o caso.

25 ACLARACIÓNS E RECLAMACIÓNS ANTE O COMITÉ DE COMPETICIÓN

a) Os equipos, a través do seu responsable ou, por causa de forza maior, a través do seu delegado no partido, poderán presentar por escrito ante o Comité de Competición as aclaracións ou reclamacións que xulgan oportunas na defensa dos seus intereses antes das **20:30 h** do luns seguinte á data do partido.

b) As aclaracións e reclamacións terán que presentarse mediante escrito razoado informando sobre os feitos acacidos, achegando cantos datos e probas se consideren oportunas para o mellor coñecemento dos feitos. Non se terán en conta as aclaracións ou reclamacións feitas de forma oral.

c) En ditos escritos en ningún caso se expresarán xuízos de valor ou descualificacións sobre os árbitros, os delegados, os comités, a Organización ou o equipo rival. De producirse isto, **desestimarase** a aclaración ou reclamación presentada.

d) No caso de presentarse unha reclamación por **aliñación indebida**, o reclamante terá que depositar a cantidade de **10 €** por xogador aliñado indebidamente. **No caso de prosperar a reclamación, este depósito será devolto.**

26 RECURSOS

a) O responsable do equipo ou, por causa de forza maior, o delegado no partido, poderán interpor recurso por escrito ante o Comité de Apelación contra as resolucións disciplinarias adoptadas polo Comité de Competición.

b) O recurso presentarase na sede da Organización antes das **20:30 horas** do xoves seguinte á data do ditame do Comité de Competición. A presentación do recurso requirirá efectuar un **depósito de 10.- € por equipo**. **No caso de prosperar dito recurso, o depósito será devolto.**

Todos os escritos de aclaracións, reclamacións e recursos terán que encabezarse, co nome do responsable, ou do delegado no partido, incluíndo o seu número de licenza, e sinatura.

27 PERMUTA DAS SANCIÓNS

a) Os participantes sancionados cun máximo de **catro** partidos poderán solicitar por escrito ante a Organización ou ante o Comité de Competición a permuta da sanción por arbitaxes de fútbol 7 base ou doutras actividades que teñan lugar os sábados ou domingos.

Os sancionados polo artigo 15 non poderán acolerse a esta permuta.

b) As actividades darán comezo no horario establecido pola Organización, rebaixándose dous partidos da sanción por arbitrar ou realizar outra actividade durante unha mañá enteira. No caso de que a sanción fora por un só partido, a actividade poderá ser só de media mañá.

c) Se un participante que solicita a permuta non se presenta ás actividades asignadas, non poderá solicitar outra permuta para a mesma sanción.

28 SANCIÓNS ECONÓMICAS

BALONCESTO

Técnicas acumulativas ou antideportivas	1.- €
Técnica descualificante	3.- €
Uniformidade non adecuada.	3.- €
Non presentación dun balón regulamentario ou en boas condicións.	10.- €

FÚTBOL SALA

Cartón amarelo.	1.- €
Cartón vermella.	3.- €
Uniformidade non adecuada.	3.- €
Non presentación dun balón regulamentario ou en boas condicións.	10.- €

FÚTBOL 7

Cartón amarelo.	1.- €
Cartón azul.	2.- €
Cartón vermello.	3.- €
Uniformidade non adecuada.	3.- €
Non presentación dun balón regulamentario ou en boas condicións.	10.- €

FÚTBOL 11

Cartón amarelo.	1.- €
Cartón vermello	3.- €
Uniformidade non adecuada	3.- €
Non presentación dun balón regulamentario ou en boas condicións.	10.- €
Por non estar no terreo de xogo, a hora establecida para o comezo do encontro.	10.- €

No Fútbol 11, no son sancionables economicamente, as dúas tarxetas amarelas que reciba un xogador no partido, sancionárase só pola vermella.

29 PAGAMENTO DAS SANCIÓNS

As sancións económicas descontaranse do depósito que os equipos ingresaron para cubrilas. No caso de que a un equipo restenlle **10.- €** ou menos do dito depósito, terá que completalo no prazo máximo de **7 días** dende que se lle avise deste feito.

Aos equipos que non cumpran dito prazo, ata que completen o depósito non se lles programarán partidos e estes daránselles por perdidos.

30 PAGAMENTO DAS DÉBEDAS PENDENTES

a) Ao equipo que teña algunha débeda pendente e non a abone no prazo establecido, **non se lle programaran partidos e estos daránselles por perdidos pola mínima diferenca.**

No caso de avisalo e non abonar a dita deuda, o equipo podera ser expulsado.

b) Cando un equipo se **retirase** ou foxe **expulsado** da competición nalgunha das anteriores tempadas ou nesta, e deixe algunha débeda pendente debido a non querer facerse cargo de actos vandálicos (**artigo 2, apartado 2.5 c**), ou por outras causas, se os integrantes do mesmo desexan volver a participar na competición, terán que pagar a parte proporcional que lles corresponda.

31 FIANZAS

Se un equipo non ten completa a **totalidade** da súa **fianza**, terá que repoñela no prazo máximo de **7 días**, aos equipos que non cumpran dito prazo, non se lles programarán partidos, e estes daránselles por perdidos. No caso de non realizar a reposición da fianza nun prazo máximo de **14 días** a partir da primeira comunicación da resolución, o equipo será **expulsado** da competición.

32 BAIXAS DE EQUIPOS POR RETIRADAS OU EXPULSIÓNS

1) Se un equipo causa baixa da competición, antes de finalizar a primeira volta, a efectos da clasificación, anularanse todos os resultados dos partidos que disputara ata ese momento.

2) Se un equipo causa baixa da competición posteriormente á finalización de primeira volta, a efectos da clasificación, serán válidos os resultados dos partidos que disputara na primeira volta, pero anularanse os resultados de todos os partidos que disputara na segunda volta.

3) En caso de que algún grupo da 3ª división en baloncesto, na 3ª división de honra de fútbol 7, na 3ª división de fútbol 7 ou na 3ª división de fútbol sala, quede nas **dúas** primeiras xornadas, con menos equipos dos establecidos ao principio da competición, as baixas de equipos poderán ser cubertas con outros, co fin de que os grupos teñan un número de equipos similar entre eles.

No caso de cubrirse ditas baixas, os partidos disputados polos equipos retirados ou expulsados non terán validez. Os equipos que xogaran algún partido contra eles terán que xogar contra os novos equipos incorporados ao grupo.

4) Cando un equipo cause baixa deixando algunha débeda pendente coa organización, os integrantes do mesmo non poderán participar en ningunha competición organizada pola “**Agrupación Deportiva Vigo**” mentres non abonen a parte proporcional que lles corresponde (**artigo 1, apartado 1.3 c**). No caso de que ademáis tiveran pendente algunha sanción deberán cumprila ao comezo da nova tempada.

5) O equipo que, debido sancións ou baixas, quede cun número de xogadores insuficiente para comezar o partido, será **expulsado** da competición.

6) Unha vez comezada a competición, no caso de baixa dun equipo, este e os seus compoñentes **PERDERÁN TODOS OS SEUS DEREITOS** correspondentes á tempada en curso.

E Baixo ningún concepto terán dereito á devolución dos importes da fianza, do seguro deportivo, do depósito das sancións nin da inscrición.

33 COMITÉ DE COMPETICIÓN

O Comité de Competición estará formado por:

- Presidente, Secretario e un Vogal

a) As decisións do Comité de Competición basearanse nos datos contidos nas actas, nos anexos elaborados polos xuíces árbitros e nas aclaracións ou reclamacións que poidan presentar o responsable do equipo ou o delegado no partido.

b) As decisións do Comité de Competición terán validez dende o momento da súa publicación no taboleiro de anuncios ou na páxina web. **www.vide.es**

34 COMITÉ DE APELACIÓN

O Comité de Apelación estará formado por:

- O Presidente da Agrupación Deportiva Vigo.
- Dous técnicos deportivos da Organización..
- Un representante dos xuíces árbitros.

a) O Comité de Apelación será competente sobre todas as incidencias que poidan ocorrer na competición “**Vigo en Xogo**” e constituirá a instancia última de apelación. O Comité de Apelación poderá revogar, confirmar ou modificar tanto as decisións coma os acordos adoptados pola Organización ou polo Comité de Competición.

b) O Comité de Apelación, co fin de evitar posibles prexuízos irreparables, poderá decretar, de oficio ou a instancia de parte, a suspensión cautelar da aplicación das decisións ou acordos adoptados polo Comité de Competición ou pola Organización ata a publicación da súa decisión sobre estes.

Contra as resolucións adoptadas polo Comité de Apelación non caberá recurso; o seu ditame será inapelable.

35 ÁRBITROS

Os árbitros, como máxima autoridade e xuíz dos partidos, deberán dar exemplo en todo momento ante os participantes, especialmente no seu comportamento persoal e na súa uniformidade.

- a) O árbitro é a autoridade deportiva única e inapelable na orde técnica para dirixir os partidos.
- b) As súas competencias comezarán no momento de entrar no recinto deportivo e non terminarán ata que o abandone, conservándoas polo tanto durante os descansos, interrupcións e suspensións, aínda que o balón non este en xogo.
- c) Tanto os delegados coma os xogadores deberán acatar as súas decisións e estarán obrigados a apoiálo e protexelo en todo momento para garantir a independencia da súa actuación e o respecto debido ao exercicio da súa función.
- d) Os árbitros poderán atrasar ou adiantar a hora de inicio dun partido unicamente por causas de forza maior para axustar o horario ao establecido pola Organización. Este cambio de horario será decisión exclusiva do árbitro.

36 OBRIGAS DOS ÁRBITROS

1) Non poderán pertencer a ningún equipo da competición. Excepcionalmente, e só por causas de forza maior, a Organización poderá autorizalo.

2) Terán que asistir obrigatoriamente ás reunións e aos cursos de actualización e adestramentos que se impartan.

3) Terán que recoller os nomeamentos (actas) e entregalas xuntamente coas cartolinas do partido e os posibles anexos e partes de incidencias das instalacións dentro do horario establecido pola Organización.

4) Presentaranse nas instalacións deportivas cunha antelación mínima de **15 / 10 minutos** respecto ao inicio do partido co obxecto de examinar as súas condicións, revisar os vestiarios e terreos de xogo e comprobar o seu estado e condición xerais (marcaxe das liñas, porterías, redes, etc.), anotando as posibles incidencias na parte de incidencias das instalacións.

5) Anotarán na acta os número de dorsal a carón do nome de cada xogador unha **D** a carón do nome do delegado no partido,. No caso de que sexa un xogador quen actúe como delegado, terán que anotar as súas iniciais e número da súa licenza no apartado de delegados.

Se as actas non están cubertas, as cubrirán co número de licenza e nome do delegado no partido e os números das Licenzas e dorsais dos xogadores.

6) No **fútbol 11**, no caso de presentarse dous delegados os terá que identificar con unha **D**, a quen faga de delegado e ao outro con unha **X**, tamén terán que identificar ao porteiro con unha **P**, e con unha **C** ao capitán e

7) En ningún caso farán constar na acta ningunha clase de aclaración ou reclamación por parte de ningún equipo.

8) Personaranse no terreo de xogo **5 / 3 minutos** antes do comezo do partido.

9) Non deixarán xogar a quen leve calquera **xoia** ou **adorno** se non cumpre o establecido no **(artigo 2, apartado 2.6 d)**.

10) Non deixarán xogar en Fútbol Sala, Fútbol 7 e fútbol 11, a quen non leve as **proteccións das canelas**.

11) Non deixarán xogar ao xogadores que presenten síntomas de embriaguez ou que teñan un comportamento inusual cara aos seus compañeiros, opoñentes ou público.

12) Farán cumprir a obriga de que no banco non esten xogadores que non consten na acta ou expulsados no partido, así como calquera persoa allea o equipo. De darse este caso, avisarán ao delegado do partido para que solucione esta infracción no prazo máximo de **15 segundos**.

No caso de que o infractor non abandone o banco ou o seu arredor no devandito tempo, o árbitro dará por finalizado o partido.

13) No **fútbol 11**, farán cumprir a obriga de que os xogadores que esten no banco, teñan posto un peto que os distinga dos outros xogadores que esten a xogar.

14) Farán cumprir a obriga de que os membros do equipo e os xogadores que non esten xogando permanezan sentados nos bancos.

15) En caso de que os participantes no partido non se comporten coa corrección e deportividade debida, advertirá ao delegado do partido para que cesen no seu comportamento.

16) Farán cumprir a obriga de que nin os xogadores nin os acompañantes quezan con balón no medio dos campos de fútbol 7 ou polas bandas, e tamén nos pavillóns mentres entean a xogar os equipos.

17) Farán cumprir a obriga de que as substitucións dos xogadores se fagan conforme ás regras de xogo.

18) Revisarán os balóns que presenten os equipos, asegurándose de que reúnan as condicións regulamentarias.

19) Prohibirán que entren no terreo de xogo sen a súa autorización outras persoas que non sexan os xogadores que esten xogando.

20) Retirarán a licenza dos participantes que durante o partido foran sancionados con técnica descualificante (baloncesto), vermella (fútbol sala) ou azul ou vermella (fútbol 7) ou con dúas amarelas ou vermella (fútbol 11) e achegaranas á acta.

21) Comprobarán e revisarán as Licenzas dos participantes cando a Organización, o Comité de Competición ou o Comité de Apelación o estimen oportuno.

22) No caso de que as inclemencias meteorolóxicas ou por causas de forza maior obrigasen á suspensión do partido, cubrirán a acta facendo constar as causas polas que non se puido celebrar, tendo que permanecer nas instalacións e pechar unha a unha as actas nas horas previstas para cada un dos outros partidos a arbitrar.

37 REGULAMENTACIÓN DAS ACTAS

Os árbitros están obrigados a reflectir na acta todas as incidencias que se produzan nos partidos e de forma expresa o relativo a:

a) Incomparecencia dalgún dos equipos ou que algún deles non conte co número mínimo de xogadores para poder comezar o partido. Tendo que reflectir a hora do peche da acta.

b) No caso de que o partido non comece á hora programada, a que hora deu comezo e causas do atraso.

c) Puntualidade dos equipos (**minutos de cortesía**), tendo que reflectir o equipo que chegou tarde e a que hora comezou o partido.

d) Cando lle entregan as licenzas sen a debida antelación ou no descanso.

e) Negativa por parte do delegado do equipo a asinar a acta antes do comezo do partido ou, no caso de chegar tarde (**minutos de cortesía**), no descanso ou á finalización do partido.

f) A non coincidencia entre os números dos dorsais comunicados polo delegado no partido coa equipación real dos xogadores.

g) Uniformidade e vestimenta dos xogadores que non reúnan os requisitos establecidos neste regulamento. (**Artigo 2.6**)

h) Presenza no terreo de xogo de xogadores sen **proteccións** das **canelas**, no fútbol sala, fútbol 7 e fútbol 11.

i) Presenza no terreo de xogo de xogadores con **xoias** ou **adornos** non permitidos.

j) Non presentación de balóns ou presentación dos mesmos sen condicións adecuadas para xogar.

k) Presenza de xogadores quecendo co balón entre a separación dos campos de fútbol 7, polas bandas do terreo de xogo, ou dentro do pavillón mentres se este xogando algún partido.

l) No caso de lesión dalgún xogador, a parte do corpo onde resultou lesionado.

m) Negativa a abandonar o terreo de xogo ou o banco por parte dos participantes excluídos do partido.

n) Negativa por parte dos participantes no partido a permanecer sentados no banco.

- ñ) Número da licenza dos participantes que sexan expulsados do partido e causas da expulsión.
- o) Invasión do terreo de xogo por parte de xogadores ou dos seus acompañantes.
- p) Presenza de xogadores do **fútbol 11**, no banco ou quecendo polas bandas sen peto.
- q) Presenza no terreo de xogo dos acompañantes, esten ou non xogando con balón, mentres se este disputando un partido, especificando se son adultos ou nenos.
- r) Presenza no banco de persoas alleas aos equipos ou de xogadores que non consten na acta ou indebidamente uniformados, agas que o xogador faga de delegado no partido.
- s) Negativa por parte dalgún equipo a someterse á revisión das Licenzas ou ausencia durante a mesma dalgún participante.
- t) Negativa por parte dalgún participante a mostrar o seu DNI ou outro documento orixinal cando se lle requira para a perfecta comprobación da súa licenza.
- u) Dúbidas sobre a validez da licenza dalgún participante.
- v) Todas as condutas e feitos antideportivos acaecidos antes, durante ou despois do partido, no campo de xogo, nos bancos dos equipos, nas bancadas, nos vestiarios e mesmo os producidos fóra das instalacións deportivas, protagonizados por algún dos participantes ou polos seus acompañantes.

Os árbitros, independentemente dos anteriores apartados, rexeranse tamén pola normativa reflectida nas Normas do Réxime Interno sobre a súa conduta respecto á competición

38 ANEXOS Á ACTA

Co fin de evitar situacións de tensión, os árbitros poderán facer un anexo á acta do partido, con posterioridade á finalización do mesmo e fóra da instalación sobre feitos acaecidos durante o seu transcurso. Neste caso, deberán reflectir na acta que van facer dito anexo.

Agas cando os feitos se produzan despois de finalizar o partido, e xa entregase as copias da acta aos equipos.

Os equipos implicados poderán dirixirse á Organización co fin de coñecer o contido do anexo.

39 INCOMPARECENCIA ARBITRAL

a) Se un árbitro non se presenta ao partido, os delegados dos dous equipos deberán poñerse de acordo para que algunha das persoas presentes, aínda que non pertenza a ningún dos equipos, actúe como árbitro.

A acta redactarase nun papel incluíndo todos os datos dos participantes no partido, delegados, xogadores, número das Licenzas e dorsais, goles, incidencias, etc. Dita acta deberá ser asinada polos delegados do partido.

b) Non será abonada a arbitrase a ningún árbitro non designado pola Organización.

c) O equipo designado como local terá a obriga de entregar esta acta na oficina da Organización antes das **18:00 h do luns** seguinte á data do partido, sendo válida a todos os efectos se así o estima o Comité de Competición. No caso de non entregarse a acta no prazo sinalado, daráselle o partido por perdido ao equipo encargado de entregala e ademáis descontaráselle **dous** puntos na clasificación xeral.

d) No caso de que non se poñan de acordo os dous equipos para designar un árbitro e, por tanto, non fose posible disputar o partido, darase o mesmo por xogado co resultado de 0 - 0, descontándose **tres puntos** na clasificación xeral a cada **un** dos equipos.

e) **No fútbol 11, se o árbitro non se presenta, o partido será aplazado.**

40 PROCEDIMENTO A SEGUIR POLO ÁRBITRO EN CASO DE LESIÓN

No caso de que un xogador resulte lesionado os árbitros terán que aterse as seguintes instrucións:

a) Se na súa opinión a lesión é leve, permitirán continuar o xogo ata que o mesmo teña que ser detido por algunha outra causa considerada no regulamento.

b) Se na súa opinión a lesión é grave, deterán o xogo inmediatamente.

c) Obrigarán a abandonar o terreo de xogo a calquera xogador que teña unha ferida sangrante. Dito xogador non poderá retornar ao terreo de xogo ata que o árbitro comprobe que deixou de sangrar.

Un xogador non poderá usar roupa manchada de sangue.

d) Permitirá que o xogador lesionado abandone o terreo de xogo por calquera lugar do mesmo.

41 SEGURO DOS ACCIDENTES DEPORTIVOS

Tomador do seguro: “**Agrupación Deportiva Vigo**” Competición “**Vigo en Xogo**” 2019 / 2020

Compañía aseguradora: **MUTUACAT** Poliza nº 124538-0001

Duración; **Do 5 de setembro do 2019 ao 4 e setembro do 2020**

CENTRO CONCERTADO **HOSPITAL POVISA** **Rua Salamanca, 5- Vigo**

GARANTIAS: ACCIDENTES DEPORTIVOS SEGÚN SE RECOGE EN EL R.D. 849/1993

Falecemento por accidente deportivo	6.015.00.-€
Falecemento por accidente deportivo sen causa directa	1.805.00.-€
Incapacidade permanente absoluta	12.025.00.-€
Asistencia medica Sanitaria ILIMITADA	Cuberta
Rehabilitación	Cuberta
Máterial Ortopedico (70 % coste)	Cuberta
Gastos Odontostomatolóxicos por accidente deportivo	245.00.-€

41.1 PROTOCOLO DE ACTUACIÓN EN CASO DE LESIÓN

O protocolo a seguir no caso de lesión e necesidade de asistencia medica sanitaria cuberta pola compañía aseguradora é o seguinte:

a) O delegado do equipo no partido solicitaralle ao árbitro o parte de accidente e que dita lesión sexa reflectida na acta.

b) O xogador lesionado deberá acudir ao servizo de urxencias no centro concertado polo seguro, nun prazo máximo de **24 horas** dende a ocorrencia do accidente.

c) No caso de non presentarse no dito prazo, non poderá acudir a urxencias, tendo que chamar ao telefono da compañía aseguradora **937 052 607** para declarar o accidente deportivo e despois tén que solicitar unha consulta de Traumatología no centro concertado **POVISA**.

Tamén podese informar por **WhatsApp** na compañía aseguradora; **608 692 133**

d) O lesionado ten só o prazo de **48 horas** dende a ocorrencia da súa lesión, para que sexa atendido no centro concertado **POVISA**, unha vez transcurrido dito prazo, non será atendido.

e) O lesionado deberá levar a seguinte documentación:

O parte do accidente, a copia da Acta en donde conste a súa lesión, e a súa Licenza.

f) No caso de que non presente algunha destas documentacións, terá que entregala no prazo máximo de **48 horas**, dende a ocorrencia da lesión. No caso de non facelo o Hospital lle poderá reclamar os gastos orixinados polo atender.

g) **Unha vez que ao lesionado/a lle den a alta medica, para poder volver a xogar de novo, tén que entregala na oficina da organización, antes do xoves anterior ao partido.**

h) **No caso de que lle den a alta medica, despois do mercores, a ten que entregar ao árbitro do partido ou na oficina, o luns antes das 20.30 horas. No caso de non cumprir esta norma, será sancionado polo (artigo 12.1)**

No caso de dúbida contactar co mediador do Seguro, Jaime Alvarez (teléfono 655 157 225)

i) O xogador accidentado terá que desplazarse polos seus propios medios.

j) Só en caso de **urxencia vital** ou **extrema urxencia**, terá que ser o delegado no partido o que chame a ambulancia para o traslado do lesionado. **Teléfono: 061** ou chamar ao servizo de urxencias **112**.

41.2 COBERTURA E RISCOS CUBERTOS

a) A asistencia médico quirúrgica e sanatorial será **ilimitada** e será prestada **exclusivamente** polos centros concertados pola compañía aseguradora, cun límite temporal ata **18 meses** dende a ocorrencia do accidente deportivo

b) A atención médico-sanitaria inclúe os servizos de urxencias, honorarios dos facultativos, estancia hospitalaria, probas diagnósticas ou exploratorias, intervencións quirúrgicas e a rehabilitación que precisen, como consecuencia das lesións producidas nun accidente deportivo acaecidas durante a disputa dun partido, **sempre e cando dita lesión fose reflectida na acta polo árbitro do partido.**

c) Só en casos de **urxencia vital** ou de **extrema urxencia** estarán cubertos os traslados do accidentado en ambulancia.

41.3 RISCOS EXCLUIDOS

a) As lesións ou padecementos crónicos e/ou dexenerativos.

b) As lesións preexistentes.

c) Os danos en prótesis, plastias e material de osteosíntesis preexistentes.

d) Os gastos da farmacia extra-hospitalaria.

e) Os gastos do transporte.

f) As hernias que non sexan producidas polo esforzo súbito.

g) As insolacións

h) Toda lesión corporal que non fose derivada por unha causa violenta, súbita, externa e allea á intencionalidade do asegurado.

i) As lesións producidas no caso de agresións ou de desordes orixinados, antes, durante ou despois dun partido.

j) Os danos producidos baixo os efectos do alcohol, drogas ou estupefacientes non prescritos medicamente

k) Quedan expresamente excluídos, cando foran declarados como accidente de traballo pola Seguridade Social: as enfermidades de calquera natureza, incluso o infarto de miocardio, os derrames cerebrais, embolias, accidentes cardiovasculares así como as lesións e outras consecuencias debidas a operacións, inxeccións ou tratamentos médicos.

l) As lesións ou accidentes producidos nos desprazamentos dende o domicilio do asegurado aos terreos de xogo e viceversa.

m) As lesións ou accidentes producidos en competicións non organizadas pola **Agrupación Deportiva Vigo**.

n) Calquera indemnización pola rotura de lentes, aparellos dentais, roupa ou calquera outro obxecto, aínda que esta sexa consecuencia do accidente cuberto polo contrato.

ñ) Non serán cubertas as asistencia médicas prestadas nos centros de Seguridade Social ou realizadas noutros centros médicos non concertados pola compañía aseguradora, **MUTUACAT**, agas **urxencias vitais**, polo que deberan ser aboadas polo propio lesionado, no caso de acudir a outros centros sin ser unha lesión con risco de falecemento.

42 ASEGURADOS

Están asegurados todos os **árbitros** e **xogadores**, participantes nas competicións deportivas “**Vigo en Xogo**” que figuran identificados na relación nominal asinada e selada pola “**Agrupación Deportiva Vigo**” e a compañía aseguradora **MUTUACAT**

43 USO INDEBIDO DA ASISTENCIA SANITARIA E DA AMBULANCIA

1) O uso indebido da asistencia médico-sanitaria para unha lesión non acaecida nesta competición “**Vigo en Xogo**” será sancionado coa **expulsión** do **infractor** e do **responsable** do equipo dende **dúas a catro** tempadas.

2) No caso de que se faga un uso irregular da **ambulancia** (o accidentado non sufriu lesións de **urxencia vital** ou de **extrema urxencia**), o equipo terá que facerse cargo do seu pagamento. No caso de negarse a aboar estes gastos, o equipo e todos os seus integrantes serán **expulsados** da competición de **unha a dúas** tempadas. Para que poidan volver a xogar se lles aplicara no seu caso o **artigo 1, apartado 1.3 c)**.

44 PÓLIZA DE RESPONSABILIDADE CIVIL

Tomador do Seguro	Agrupación Deportiva Vigo - Poliza N° 037924034		
Duración	Dende o 01-10-2019 ata o 30-09-2020		
Compañía Aseguradora	ALLIANZ Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A.		
	Teléfono	902 300 186	
Mediador do seguro	AFIS SABADELL CORRED D ASEGURANCES S.L		
	Teléfono, para consultas	937 173 300	

Sumas aseguradas: Interes Asegurado	Suma asegurado por Sinistro	Suma asegurado por duración	Limite por victima
Explotación	600.000.00.-	600.000.00.-	300.000.00.-
Inmobiliaria	600.000.00.-	600.000.00.-	300.000.00.-
Locativa	120.000.00.-	120.000.00.-	
Subsidiaria	600.000.00.-	600.000.00.-	300.000.00.-
Cruzada	600.000.00.-	600.000.00.-	60.000.00.-
Interes Asegurado	Franquicia fija		
Explotación	200.00.-		
Inmobiliaria	200.00.-		
Locativa	200.00.-		
Subsidiaria	200.00.-		

O limite global conxunto de Prestacions do Asegurador para todo tipo de responsabilidades será o seguinte:

- 1 Por sinistro 600.000.00.-
- 2 Pola duración do seguro 600.000.00.-
- 3 Sen sublimite por vítima agas para as garantías con limite específico indicado

45 DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A “Agrupación Deportiva Vigo”, como organizadora desta competición (“Vigo en Xogo”) resérvase o dereito de modificar durante a tempada estas Normas e Regulamento co fin de acadar un mellor desenvolvemento da competición.

PRACTICA O XOGO LIMPO

XOGA PARA DIVERTIRTE E PASALO BEN

Esta competición recreativa non federada “**VIGO EN XOGO**” non se debe rexer só polas vitorias ou polos trofeos; gañar non debe ser a única finalidade. Busca na competición outros valores. O máis importante debe ser participar baixo o principio fundamental de respetar e promover sempre o espírito deportivo do “**Xogo Limpo**”.

Esta competición naceu para:

Os que aman o deporte.

Manter ou mellorar a saúde a través do deporte.

A práctica da actividade física como hábito saudable.

Impulsar a función integradora e de conexión social a través do deporte.

Fomentar a convivencia entre todos os participantes. Xogar por xogar e o que debe prevalecer nesta competición “Vigo en Xogo”.

Por iso:

Práctica sempre o **XOGO LIMPO**, respectando a árbitros, oficiais de mesa e opoñentes.

Non te obsesiones coa vitoria. O deporte é unha actividade para divertirse e mellorar fisicamente.

Non culpes dos teus erros aos teus compañeiros. Errar é humano, pero o que non é humano é culpar dos teus erros a outros.

Sae a xogar para pasar un rato agradable e divertirse cos teus compañeiros e cos opoñentes; é moito mellor que saír a xogar só para gañar.

Atopa novas amizades e amigos xogando. Os resultados pasan, pero os amigos perduran.

Trata a todos con equidade, sen facer distincións da súa cor, raza ou orixe.

Trata aos teus compañeiros e aos opoñentes de forma amigable e cordial, da mesma forma que quixeras ser tratado.

Pensa que non todo vale. O deporte non é un xogo a vida ou morte.

Non xogues con lume (non fagas entradas violentas ou moi duras). É moi perigoso para os teus opoñentes.

Non queimes a ninguén; pensa que unha vez comezado un incendio é moi difícil de apagar.

Pensa que perder ou gañar non están reñidos con pasalo ben e disfrutar do xogo.

Anima aos teus compañeiros a participar nobremente e a practicar o xogo limpo.

Non procedas de tal xeito que te poidas avergoñar de ti mesmo.

Xoga polo pracer de xogar e non de gañar.

Ás veces gañase, ás veces pérdese; a clave e xogar e pasalo ben, sin importar estar enriba ou debaixo.

Non fagas trampas nin xogues deslealmente co fin de gañar.

Ten un comportaménto comedido e de respecto cara aos teus opoñentes.

Acepta as vitorias con naturalidade e as derrotas sen acritude.

Sé un bo deportista: aplaude todas as boas xogadas independentemente de quen as realice; é un bo estímulo para todos os xogadores, sexan ou non do teu equipo.

Pensa que na mesa e no xogo coñécese o cabaleiro.

Potencia o xogo limpo e a deportividade co teu exemplo, contribuíndo desa forma á eliminación de situacións de violencia tanto física como verbal.

Controla o teu carácter, non xesticules e non teñas unha actitude violenta xogando.

Esta é unha competición para pasalo ben e disfrutar; pensa que ao rematar o partido os teus oponentes teñen que cumprir coas súas obrigas persoais. Procura non mancar a ninguén.

Recorda que o propósito do xogo é a diversión, mellorar as destrezas e sentirte ben.

Moitas veces é moi difícil xogar nobremente se só pensas en gañar a calquer prezo.

Recorda que só se trata dun xogo e os xogos non teñen sentido se non se xoga limpo.

Os contrarios non son teus inimigos; non fagas de cada partido unha batalla.

O respecto cara aos teus adversarios forma parte do partido.

Non discutas durante o partido nin cos teus compañeiros de equipo, nin cos teus oponentes.

O partido é un xogo no que ambos equipos poden gañar, pero tamén poden perder.

Non respondas nunca ás provocacións do contrario.

Se o equipo contrario é moi inferior, non o despreces nin te asañes con el.

Os partidos se gañan ou se perden no terreo de xogo; non fagas reclamacións posteriores.

As regras de xogo son sinxelas e doadas de aprender; se non as coñeces non protestes as decisións do árbitro.

Respeita sempre as decisións do teu delegado.

Non protestes se te cambian por outro xogador; é un menosprezo ao compañeiro que te substitúe.

Non fagas entradas por detrás, son moi perigosas. Un gol pódese remontar, unha lesión non.

Facer un novo amigo do equipo oponente mentres estás xogando é unha virtude.

Evita chocar co porteiro; é preferible non conseguir un gol a lesionalo.

Nón hai peor xogador que aquel que non fai caso das advertencias dos seus compañeiros sobre o seu mal comportamento xogando.

No caso de recibir unha entrada dura, acepta as desculpas do rival se estas se producen.

Respecta aos teus oponentes e saúdaos deportivamente tanto se gañas como se perdes.

Os árbitros están no terreo de xogo para manter a orde e o xogo limpo; axúdaos no seu labor e compórtate con educación cando te dirixas a eles.

O labor do árbitro e o do oficial de mesa xa é difícil de por si; colabora evitando pór en dúbida o seu labor.

Non lle pidas nunca ao árbitro que lle mostre tarxeta a un contrario.

Procura non discutir as decisións do árbitro; pensa que ten que tomar unha decisión nuns segundos e, dependendo de onde este situado, pode ter outra visión do xogo diferente á túa.

O mantemento e coidado das instalacións deportivas depende de todos nós; respéctaa e procura deixalas como quixeses atopalas ao chegar. Non deixes nada tirado nas instalacións; pensa que despois de ti irán outras persoas a utilízalas.

Os espectadores deberán colaborar na consolidación dos valores expostos anteriormente a través do respecto aos participantes, árbitros, oficiais de mesa e, sobre todo, ao equipo contrario.

Coopera cos teus compañeiros, oponentes e árbitros, pois sen eles non podería ser posible xogar.

Os comités e os árbitros son necesarios para manter a orde; intenta axudar e non destruír.

A organización ten que atender, ademais de ao voso, a moitos mais equipos; respecta o seu funcionamento.

Para mellorar o funcionamento da competición hai canles para achegar as vosas ideas.

PRINCIPIOS BASICOS DE CONVIVENCIA

¿Chegaches? Saúda	¿Vaste? Despídete	¿Prometiches? Cumpre
¿Amas? Demostrao	¿Non entendes? Pregunta	¿Recibiches un favor? Agradéceo
¿Ofendiches? Pide desculpas	¿Ensuciaches? Limpao	¿Non vas axudar? Non estorbes
¿Non che pertence? Non o collas	¿Tes? Comparte	¿Non tes? Non envexes
¿Non sabes se é certo? Non o divulgues	¿Rompiches? Arránxao	¿Non o sabes facer mellor? Non critiques e colabora

¿Gustariache que se comportasen dunha determinada maneira contigo?

Compórtate así ti tamén cos demais

A Organización

